

# RESULTADOS DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE VACÚA DE LEITE EN GALIZA EN 2006





# RESULTADOS DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE VACÚN DE LEITE EN GALIZA EN 2006

**Fernando Barbeyto Nistal e Claudio López Garrido**  
**CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO**





## FICHA TÉCNICA

EDITA .....	Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia
AUTORES .....	Claudio López Garrido Fernando Barbeyto Nistal
DESEÑO E MAQUETACIÓN .....	Jorge García Bello
FOTOGRAFÍAS .....	Jesús María Rodríguez Casabiell Claudio López Garrido
IMPRIME .....	Tórculo Artes Gráficas
DEPÓSITO LEGAL .....	C 3542-2008



# ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b>	_____	<b>Px 7</b>
<b>1 RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2006</b>	_____	<b>Px 13</b>
<b>2 EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2002-2006)</b>	_____	<b>Px 19</b>
<b>3 ANÁLISE DE GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2006</b>	_____	<b>Px 25</b>
<b>4 EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN (2005-2006)</b>	_____	<b>Px 33</b>
<b>5 RESULTADOS EN FUNCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS, DA INTENSIFICACIÓN DOS SISTEMAS PRODUCTIVOS E DOS PREZOS</b>	_____	<b>Px 41</b>
<b>5.1 Resultados en función do tamaño</b>	_____	<b>Px 41</b>
– Resultados por tamaño do rabaño	_____	
– Resultados por tamaño da Superficie Agraria Útil	_____	
– Resultados por volume do leite comercializado	_____	
<b>5.2 Resultados en función da intensificación dos sistemas produtivos</b>	_____	<b>Px 53</b>
– Resultados en función da carga gandeira	_____	
– Resultados en función do rendemento leiteiro	_____	
– Resultados en función da produción por unidade de superficie	_____	
– Resultados en función do prezo do concentrado	_____	
<b>5.3 Resultados en función dos prezos</b>	_____	<b>Px 67</b>
– Resultados en función do prezo do leite	_____	
– Resultados en función do prezo do concentrado	_____	
<b>6 AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE LEITE NO MARCO EUROPEO</b>	_____	<b>Px 77</b>
– As explotacións galegas no marco da análise EDF	_____	
– Comparación entre as explotacións de 90 vacas en EDF	_____	
<b>CONCLUSIÓN</b>	_____	<b>Px 89</b>



## INTRODUCCIÓN

O programa de xestión das explotacións de leite en Galiza iniciouse en 1977 e desde 1987 recolle a información subministrada polas Agrupacións de Xestión de Explotacións (Axes). A publicación dos resultados, suspendida en 1997, reiniciouse en 2007 pola Consellaría do Medio Rural, coa edición de *Resultados do programa de xestión de vacún de leite en Galiza no período 1998-2005*. Coa presente memoria de resultados proséguese a serie de publicacións anuais de resultados de xestión de explotacións de vacún de leite.

No período que cobre de xaneiro a decembro de 2006, nove Axes con doce técnicos participaron no programa de xestión da Consellaría do Medio Rural que atinxiu a 300 explotacións de vacún de leite en toda Galiza, aínda que para a análise só se consideraron 234. A súa distribución, en función do volume da produción (Táboa 1), mostra, que salvo no primeiro estrato, o tamaño medio das explotacións do grupo de Axes son similares ás medias galegas.


Táboa 1. Distribución da cota láctea galega e da produción das explotacións das Axes.

	Distribución da cota de Galiza					Distribución da produción das Axes				
	Explotacións		Cota total		Cota por explotación	Explotacións		Produción total		Produción por explotación
	nº	%	t	%	kg	nº	%	1.000 L	%	L
<100	8.532	53,3	379.744	17,5	44.508	8	3,4	609	0,7	76.184
100-300	5.971	37,3	1.023.569	47,2	171.423	102	43,6	20.032	22,5	197.397
300-600	1.206	7,5	481.913	22,2	399.596	86	36,8	35.594	39,9	413.882
600-1200	275	1,7	220.063	10,2	800.230	35	15,0	27.916	31,3	797.609
>1200	37	0,2	61.554	2,8	1.663.622	3	1,3	5.015	5,6	1.671.653
Total	14.637	100	2.166.842	100	135.250	234	100	89.167	100	381.056

Na campaña 2006-2007, que rematou o 31 de marzo de 2007, desapareceron en Galiza 1.746 explotacións leiteiras, o que representa unha redución do 9,8% (Táboa 2). Este descenso é inferior ao da campaña anterior que alcanzou o 13,4% e afectou a 2.753 explotacións. No mesmo período, a cota total ampliouse en 187.630 t, o que significa un incremento do 9,5%. Como resultado, a cota por explotación aumentou un 21,4%, isto é, 23.852 kg (Gráfico 1).



Gráfico 1. Evolución do número de explotacións e da cota/explotación (kg) en Galiza.



Máis significativas que as cifras globais son as variacións dos estratos. As explotacións de menos de 100 t de cota en só unha campaña pasaron de representar o 61,3% das totais e de dispor do 23,9% da cota total, a ser o 53,3% das totais co 17,5% da cota total. No entanto na campaña de 2005-2006 as explotacións de máis de 300 t de cota eran o 6,6% das totais e contaban co 28,3 % da cota, na de 2006-2007 pasaron a ser o 9,5% co 35,2% da cota (Gráficos 2 e 3).

Táboa 2. Evolución da cota e do número de explotacións leiteiras por estrato de tamaño.

Cota	2005				2006			
	Explotacións		Cota total		Explotacións	%	Cota total	%
	Nº	%	kg	%				
t					Nº	%	kg	%
< 40	5.487	30,9	109.366.467	5,5	4.148	25,9	83.230.910	3,8
40-99	5.410	30,4	363.212.900	18,4	4.384	27,4	296.512.603	13,7
100 -150	2.645	14,9	323.715.199	16,4	2.522	15,7	308.885.985	14,3
150-299	3.054	17,2	623.783.946	31,5	3.449	21,5	714.682.517	33,0
300-599	972	5,5	381.766.117	19,3	1.206	7,5	481.912.784	22,2
600-1.199	177	1,0	140.843.041	7,1	275	1,7	220.063.379	10,2
1.200 -2.399	20	0,1	31.157.042	1,6	32	0,2	47.060.061	2,2
2.400	2	0,0	5.367.851	0,3	5	0,0	14.493.970	0,7
<b>TOTAL</b>	<b>17.767</b>	<b>100</b>	<b>1.979.212.563</b>	<b>100</b>	<b>16.021</b>	<b>100</b>	<b>2.166.842.209</b>	<b>100</b>
Cota media/explotación			111.398				135.250	

Gráfico 2. Evolución da distribución das explotacións (%) por estratos de tamaño en Galiza.






Gráfico 3. Evolución da distribución da cota (%) por estratos de tamaño en Galiza.



O proceso de concentración da produción de leite nun número de explotacións cada vez menor, con rabaños cada vez máis grandes integrados por vacas de rendementos cada vez máis altos, tende a acentuarse, do mesmo xeito que no resto dos países da Unión Europea.

Até o mes de agosto o prezo do leite mantívose por debaixo do pagado en 2005, o que explica, en boa medida, que os resultados das explotacións fosen peores en 2006 (Gráfico 4). A partir de aí, inicia un ascenso que o sitúa moi por riba dos niveis do ano anterior e que non se detería ao longo de todo 2007.

Gráfico 4. Evolución do prezo do leite (€/100 l) en Galiza en 2005 e 2006.



Fonte: Instituto Galego de Estatística

1.

# RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2006





# 1. RESULTADOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS EN 2006

O número de explotacións que participaron no estudo de 2006 é superior ao de 2005 e o seu tamaño medio maior, tanto en volume de produción comercializada como en número de vacas e superficie (Táboa 3). Por outra parte, o tamaño medio das explotacións analizadas é superior á media das galegas. De feito, a produción media por explotación do grupo de explotacións analizado (381.572 litros) é mais do duplo da cota láctea media das explotacións galegas (150.723 kg).

Táboa 3. Índices técnicos. Valores medios 2005-2006.

	2005	2006	2005	2006
Número de explotacións	192	234	126	
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>				
SAU (ha)	19,7	24,8	26,6	28,0
Nº de vacas	37,2	47,8	51,9	52,3
Produción comercializada (l/expl.)	265.840	381.572	441.824	454.691
Produción /SAU (l/ha)	13.494	15.430	16.628	16.252
<b>MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN</b>				
Vacas/ha	1,9	1,9	1,9	1,9
UGM/ha	2,63	2,74	2,72	2,58
Partos/vaca/ano	0,91	0,87	0,92	0,86
Fertilizantes (€/ha)	159	174	190,6	162,3
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>				
Rendemento (l/vaca)	7.185	7.990	8.530	8.709
Concentrado (Kg/vaca)	2.335	2.966	3.100	3.152
Concentrado/leite (gr/l)	330	370	360	360
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)</b>				
Compra de concentrado	9,04	8,50	8,38	8,31
Compra de forraxes	0,56	0,73	0,71	0,81
Produción de forraxes propias	3,32	2,71	2,39	2,49
<b>CALIDADE DO LEITE</b>				
% graxa	3,95	3,81	3,86	3,77
% proteína	3,14	3,12	3,11	3,09
Bacterioloxía (000)	28	20	21	18
Células somáticas (000)	232	225	208	218
<b>PREZOS</b>				
Leite (€/100 l)	31,86	31,63	32,80	31,80
Concentrado (€/t)	215	217	214	216
Relación prezos leite/concentrado	1,48	1,46	1,53	1,46

Aínda que a carga gandeira, medida en vacas por ha, é idéntica (1,9 vacas/ha) en ambos os dous anos, o rendemento leiteiro é superior en 2006 (7.990 vs. 7.185 l/vaca) e, polo tanto, tamén o é a produción de leite por unidade de superficie (15.430 vs 13.494 l/ha).

Aínda que a fertilización, en termos físicos, é inferior á de 2005, o custo por hectárea é superior debido ao aumento do prezo dos fertilizantes. O consumo de concentrado é superior ao de 2005 (2.966 vs. 2.335 kg/vaca), o que non se traduce nun maior rendemento por vaca, como indica o aumento do uso de concentrado en relación coa produción leiteira que pasou de 330 g/l en 2005 a 370 g/l en 2006. A isto cómpre engadir un lixeiro empeoramento da relación entre o prezo do leite e o do concentrado.



Os resultados económicos mostran, aínda mellor, o deterioro que o sector sufriu ao longo deste ano (Táboa 4). Tanto a marxe neta como o beneficio experimentan unha diminución en termos relativos, que non reflicten os valores totais das explotacións debido ao maior tamaño. Isto mesmo se repite en cada un dos compoñentes dos custos. Tanto os gastos variábeis como os fixos e os custos de oportunidade aumentan en maior medida que o produto bruto, no que diminúen os ingresos do leite e venda de animais e aumentan os restantes rendementos. Por outra parte, a mostra recolle grandes diferenzas nos ingresos e o prezo percibido polo leite oscila entre 36,17 e 25,94 €/100 litros.

Para obter unha visión moito máis aproximada do acontecido, seleccionáronse as 126 explotacións que participaron na análise de 2005 e 2006. Aínda que o número de explotacións é menor, o feito de que se trate destas nos dous anos elimina o nesgo derivado da diversidade da mostra.

Nesta aproximación pódese apreciar que o incremento da superficie (5,3%) e do número de vacas (0,8 %) é modesta, e que a carga gandeira se mantén constante en 1,9 vacas/ha, aínda que a carga total, medida en UGM, experimente unha lixeira baixa pola redución da porcentaxe de recría.

O aumento da produción de leite por explotación nun 2,9% débese exclusivamente ao maior rendemento leiteiro, que pasa de 8.530 a 8.709 l/vaca. Este incremento vai acompañado doutro correlativo no consumo de concentrado por vaca, de modo que a relación entre consumo de concentrado e produción de leite non variou (360 g/l).

O descenso do prezo do leite nun 3,1% viuse agravado polo aumento experimentado do concentrado nun 0,93%. O resultado sería unha diminución dos rendementos pola venda do leite (31,79 vs. 32,80 €/100 l), que se vería compensada por outros ingresos, fundamentalmente subsidios (36,77 vs. 36,69 €/100 l).

O aumento dos gastos variábeis (19,79 vs. 18,94 €/100 l) e dos fixos (8,28 vs. 7,86 €/100 l) supuxo un incremento dos custos de produción do 8,5%. Tamén aumentaron os custos de oportunidade (5,62 vs. 5,58 €/100 l), polo que os resultados experimentaron unha diminución tanto en termos relativos como en absolutos

(Táboa 4). A marxe neta reduciuse nun 12,1% e o beneficio nun 28,7%. O maior volume de produción permitiu que ese descenso fose do 9,6% e 26,6%, respectivamente, nos resultados globais por explotación.

Para obter unha visión moito máis aproximada do acontecido, seleccionáronse as 126 explotacións que participaron na análise de 2005 e 2006. Aínda que o número de explotacións é menor, o feito de que se trate destas nos dous anos elimina o nesgo derivado da diversidade da mostra.

Táboa 4. Índices económicos. Valores medios 2005-2006.

	2005	2006	2005	2006
Número de explotacións	192	234	126	
<b>RESULTADOS UNITARIOS (€/100 l)</b>				
<b>INGRESOS</b>				
Venda de leite	31,86	31,63	32,80	31,79
Venda de animais	2,93	2,69	2,49	2,66
Variación do inventario	0,28	0,28	1,04	2,15
Outros ingresos	1,93	2,57	0,36	0,17
Produto bruto	36,99	37,17	36,69	36,77
<b>GASTOS VARIÁBEIS</b>				
Compra de gando	4,75	0,61	0,53	0,66
Compra alimentos vacas	8,14	9,23	9,08	9,12
Compra alimentos recria	1,05	1,57	1,59	1,69
Produción propia, forraxes	3,32	2,71	2,39	2,49
Sanidade e reprodución	2,18	2,39	2,25	2,42
Enerxía e maquinaria	2,05	2,92	3,09	3,40
Total Gastos Variábeis	17,2	19,43	18,94	19,79
<b>GASTOS FIXOS</b>				
Amortizacións técnicas	3,21	3,39	2,74	2,78
Man de obra retribuída	1,26	1,01	3,4	3,79
Outros custos fixos	2,57	3,22	1,72	1,71
Total Custos Fixos	7,04	7,62	7,86	8,28
Custo de produción	24,24	27,05	26,79	28,08
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE</b>				
Xuros dos capitais propios	1,69	1,73	1,17	1,25
Renda das terras propias	1,78	1,56	1,45	1,48
Custo do traballo familiar	5,27	3,90	2,97	2,89
Total Custos de Oportunidade	8,74	7,19	5,58	5,62
Custos Totais	32,98	34,24	32,38	33,69
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS</b>				
Marxe neta	12,75	10,12	9,90	8,70
Beneficio	4,01	2,93	4,32	3,08
<b>RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)</b>				
Venda de leite	84.691	120.701	144.912	144.554
Produto bruto	98.344	141.842	162.122	167.204
Total Gastos Variábeis	45.724	74.134	83.671	89.992
Total Custos Fixos	18.715	29.090	34.706	37.664
Custo Total de Produción	64.443	103.224	118.377	127.656
Custo Total de Oportunidade	23.231	27.432	34.706	37.664
Custos Totais	87.675	130.656	153.083	165.320
Marxe neta	33.895	38.618	43.745	39.549
Beneficio	10.669	11.186	19.077	13.999





# 2.

## EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2002–2006)



## 2. EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS (2002–2006)

Para encadrar os resultados de 2006 na serie dos últimos cinco anos e poder coñecer as tendencias que definen a evolución do subsector leiteiro en Galiza no último lustro, seleccionáronse as 26 explotacións que estiveron presentes en todas e cada unha das análises realizadas entre 2002 e 2006. Aínda que se trata dun grupo pequeno, os seus resultados fornecen algunha información de interese sobre a evolución dos custos de produción e o comportamento das explotacións no período estudado.


Táboa 5. Evolución dos índices técnicos da mostra permanente.

	2002	2003	2004	2005	2006
Número de explotacións	26	26	26	26	26
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>					
SAU (ha)	18,9	19,8	21,2	21,2	23,8
Nº de vacas	44,0	42,3	42,3	42,7	42,8
Produción comercializada (l)	321.993	316.450	325.759	338.553	352.272
Produción /SAU (l/ha)	17.346	16.183	15.514	16.084	14.891
<b>MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN</b>					
Vacas/ha	2,3	2,1	2,0	2,0	1,8
UGM/ha	3,42	2,95	2,92	2,88	2,53
Partos/vaca/ano	0,89	0,95	0,88	0,87	0,83
Fertilizantes (€/ha)	209,6	199,0	227,3	207,5	181,1
UF-N/ha	146	160	154	155	121
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	102	95	112	109	91
K <sub>2</sub> O/ha	80	79	87	80	60
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>					
Rendemento (l/vaca)	7.454	7.560	7.772	7.998	8.282
Concentrado (Kg/vaca)	3.029	2.959	2.842	2.860	3.027
Concentrado/leite (g/l)	410	390	370	360	370
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)</b>					
Compra de concentrado	9,61	9,41	9,38	8,43	8,49
Compra de forraxes	0,86	0,74	0,84	0,78	0,85
Produción de forraxes propias	2,50	3,43	3,47	3,65	3,45
<b>CALIDADE DO LEITE</b>					
% graxa	3,96	3,90	3,96	3,94	3,85
% proteína	3,16	3,11	3,17	3,18	3,19
Bacterioloxía (000)	14,9	14,5	17,6	19,0	12,7
Células (000)	205	212	209	228	214
<b>PREZOS</b>					
Leite (€/100 l)	32,52	32,17	33,61	33,13	32,01
Concentrado (€/t)	219	221	232	223	219
Relación prezos leite/concentrado	1,48	1,45	1,44	1,48	1,45



Na evolución dos índices técnicos deste grupo de explotacións cómpre salientar o aumento da Superficie Agraria Útil nun 25,9% (de 18,8 ha a 23,8 ha), no entanto o tamaño do rabaño mantívose nas 43 vacas, aproximadamente, o que provocaría unha redución da carga gandeira de 2,3 vacas/ha e 3,42 UGM/ha en 2002 á 1,8 vacas e 2,53 UGM/ha en 2006 (Táboa 5). Esta diminución da densidade gandeira foi acompañada do descenso no uso de fertilizantes químicos e un aumento do rendemento leiteiro nun 11%, que pasou de 7.454 litros/vaca en 2002 a 8.282 en 2006, sen que iso significase un aumento do consumo de concentrado que se mantivo nos 3.000 kg/vaca (Gráfico 5).

Gráfico 5. Evolución da SAU, número de vacas, produción de leite e consumo de concentrado por vaca (2002-2006).



O prezo do leite experimentou unha recuperación en 2004 para volver a descender e situarse en 2006 por debaixo do nivel de 2002. A relación entre o prezo do leite e o do concentrado apenas variou ao longo do período.

Os ingresos proceden esencialmente da venda do leite e, por tanto, neles ten unha grande importancia o prezo deste produto. Porén, os ingresos totais alcanzan o seu valor máximo en 2006, cando o prezo do leite se sitúa no mínimo, o que se explica polo aumento dos rendementos derivados da venda de gando e dos outros ingresos, especialmente subsidios (Táboa 6).


Os custos de produción non deixaron de crecer ao longo de todo o período, e en maior medida os fixos (12,8 %) que os variábeis (4,4 %). Os que máis aumentaron foron, non obstante, os custos de oportunidade (15,1%), o que elevou os custos totais nun 13,3 % entre 2002 e 2006.

Táboa 6. Evolución dos índices económicos da mostra permanente.

	2002	2003	2004	2005	2006
Explotacións	26	26	26	26	26
<b>RESULTADOS UNITARIOS (€/100 l)</b>					
<b>INGRESOS</b>					
Venda de leite	32,52	32,17	33,61	33,13	32,01
Venda de animais	1,56	2,40	2,43	2,90	3,06
Variación do inventario	0,89	-0,55	-0,54	0,42	0,40
Total outros ingresos	0,65	1,03	2,74	1,51	4,79
Produto bruto	35,62	35,05	38,24	37,96	40,26
<b>GASTOS VARIÁBEIS</b>					
Compra de gando	0,34	0,51	0,29	0,83	0,77
Compra alimentos vacas	10,47	10,15	10,22	9,22	9,35
Compra alimentos recria	1,11	1,07	1,31	0,97	0,86
Produción propia, forraxes	2,50	3,43	3,47	3,65	3,45
Sanidade e reprodución	2,37	2,21	2,41	2,76	2,77
Enerxía e maquinaria	2,17	2,24	2,14	2,49	2,60
Total Gastos Variábeis	18,95	19,61	19,84	19,91	19,79
<b>GASTOS FIXOS</b>					
Amortizacións técnicas	1,56	1,53	1,76	1,84	1,76
Man de obra retribuída	0,51	0,53	0,76	0,73	0,85
Outros custos fixos	2,67	2,84	3,09	3,46	4,32
Total Custos Fixos	4,74	4,90	5,61	6,03	6,93
Custo de produción	23,69	24,50	25,45	25,95	26,72
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE</b>					
Xuros dos capitais propios	0,57	1,95	0,70	0,75	1,79
Renda das terras propias	1,50	0,93	1,61	1,51	1,62
Custo do traballo familiar	4,35	4,42	4,30	4,14	3,97
Custo Total de Oportunidade	6,42	7,30	6,60	6,40	7,39
Custos Totais	30,11	31,80	32,05	32,34	34,11
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS</b>					
Marxe neta	11,93	10,55	12,79	12,02	13,54
Beneficio	5,51	3,25	6,19	5,62	6,15
<b>RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)</b>					
Venda de leite	10.472	10.179	10.949	11.215	11.276
Produto bruto	11.469	11.092	12.457	12.851	14.181
Total Gastos Variábeis	6.101	6.204	6.463	6.741	6.970
Total Custos Fixos	1.527	1.549	1.828	2.043	2.442
Custo Total de Produción	7.628	7.753	8.291	8.784	9.412
Custo Total de Oportunidade	2.067	2.310	2.151	2.165	2.603
Custos Totais	9.695	10.063	10.442	10.949	12.014
Marxe neta	3.841	3.338	4.167	4.068	4.769
Beneficio	1.774	1.029	2.016	1.903	2.166

Como consecuencia da evolución dos custos e ingresos, os resultados experimentaron variacións ao longo do período. Os peores producíronse en 2003, tanto en termos de marxe neta (10,55 €/100 l) como de beneficio (3,25 €/100 l), e os máis altos en 2006, mesmo se nese ano o prezo do leite foi inferior ao de 2003 (Gráfico 6).

Gráfico 6. Evolución dos custos variábeis, fixos e da marxe neta (2002-2006).



**3.**

**ANÁLISE DE GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS  
LEITEIRAS EN 2006**




## 3. ANÁLISE DE GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS EN 2006

A análise de grupos busca explicar as diferenzas entre as explotacións mediante a comparación dos resultados medios dos grupos que reúnen o 25% das que conseguen os mellores resultados e o 25% das que teñen os peores. A terceira referencia, xunto aos valores medios destes dous grupos extremos, denominados de cabeza e cola, é a media xeral da totalidade das explotacións.

Esta análise require establecer previamente un criterio clasificatorio que permita ordenar as explotacións e definir con claridade a formación dos grupos en función dos resultados económicos. Aínda que se podería utilizar a marxe neta ou o limiar de rendibilidade, escolleuse a relación porcentual entre o custo total de produción e o produto bruto da explotación porque é o que mellor amortece o impacto da inflación na análise dunha serie de resultados anuais. Por outra parte, nas comparacións de custos de produción de anos anteriores tense comprobado que existe unha estreita relación entre este criterio e a marxe neta (Gráfico 7).

Gráfico 7. Distribución das explotacións segundo a relación entre marxe neta (€/100 l) e o custo total/produto bruto (%).



### 3.1. Resultados técnicos

As 60 explotacións que forman o grupo de cabeza teñen menor tamaño que as de cola, tanto en volume de produción comercializada (311.356 vs. 386.639 l/explotación) como en número de vacas (41,8 vs. 50 vacas) ou SAU (21 ha vs. 27,1 ha) (Táboa 7).




Táboa 7. Índices técnicos en 2006.

	Media xeral	G. Cabeza	G. Cola
Número das explotacións	234	60	60
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>			
SAU (ha)	24,8	21,0	27,1
Nº de vacas	47,8	41,8	50,0
Produción comercializada	381.572	311.356	386.639
Produción/SAU (l/ha)	15.430	14.880	14.298
<b>MANEXO DO GANDO</b>			
Vacas/ha	1,9	2,0	1,8
UGM/ha	2,74	2,70	2,64
Partos/vaca/ano	0,87	0,91	0,83
<b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>			
Fertilizantes (€/ha)	174	150	196
UF - N/ha	105	96	106
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	76	69	78
K <sub>2</sub> O/ha	61	53	67
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>			
Rendemento (l/vaca)	7.990	7.463	7.742
Concentrado (Kg/vaca)	2.966	2.463	3.102
Concentrado/leite (g/l)	370	330	400
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)</b>			
Compra de concentrado	8,50	7,48	9,03
Compra de forraxes	0,73	0,23	0,97
Produción de forraxes propias	2,71	2,52	3,35
<b>CALIDADE DO LEITE</b>			
% graxa	3,81	3,87	3,85
% proteína	3,12	3,08	3,20
Bacterioloxía (000)	20	20	21
Células somáticas (000)	225	223	240
<b>PREZOS</b>			
Leite (€/100 l)	31,63	31,93	31,47
Concentrado (€/t)	217	215	220
Relación prezos leite/concentrado	1,46	1,48	1,43

A carga gandeira tanto en termos de vacas (2 vs. 1,8 vacas) como de UGM (2,70 vs. 2,64 UGM/ha) é lixeiramente superior no grupo de cabeza, e tamén o é a produción por unidade de superficie (14.880 vs. 14.298 l/ha), aínda que o seu rendemento leiteiro sexa inferior (7.463 vs 7.742 l/vaca). Con todo, o máis salientábel é que o grupo de cabeza ten un menor consumo de fertilizantes (150 vs. 196 €/ha), de concentrado (2.463 vs. 3102 kg/vaca) e unha relación entre uso de concentrado e produción de leite máis favorábel (330 vs. 400 g/l). Isto indica que a carga gandeira non é o criterio definitivo á hora de cualificar un sistema como intensivo (Gráfico 8).

Gráfico 8. SAU, número de vacas, produción de leite por vaca (1.000 l/vaca) e consumo de concentrado por vaca (1.000 kg/vaca) dos grupos de cabeza e cola e media xeral.



O prezo do leite foi algo superior no grupo de cabeza, e como o do concentrado foi inferior para este mesmo grupo, a relación entre ambos os dous prezos (1,48 vs. 1,43) resultou unha vantaxe adicional xa que o consumo de concentrado foi menor.

### 3.2. Resultados económicos


Os ingresos unitarios do grupo de cabeza foron superiores, tanto en termos de venda do leite (31,93 vs. 31,47 €/100 l) como de produto bruto (38,95 vs. 35,91 €/100 l), aínda que os ingresos totais por explotación por estes mesmos conceptos fosen superiores nas de cola debido ao seu maior tamaño (Táboa 8).

Tanto os gastos variábeis (15,61 vs. 22,60 €/100) como os fixos (5,92 vs. 10,13 €/100 l) foron inferiores no grupo de cabeza e, en consecuencia, tamén o foron os custos totais de produción (21,57 vs 32,72 €/100 litros). Só os custos de oportunidade foron algo inferiores no grupo de cola. O resultado final é unha marxe neta (17,38 vs 3,19 €/100 l) e un beneficio (9,21 vs. -4,35 €/100 l) inferiores, tanto en termos relativos como nos totais por explotación, o que revela que nin sequera o maior tamaño permitiu economías de escala (Gráfico 9).

Táboa 8. Índices económicos en 2006.

	Media Xeral	G. Cabeza	G. Cola
Número de explotacións	234	60	60
<b>RESULTADOS UNITARIOS (€/100 l)</b>			
<b>INGRESOS</b>			
Venda de leite	31,63	31,93	31,47
Variación do inventario	0,28	0,61	-0,07
Venda de animais	2,69	3,05	2,31
Outros ingresos	2,57	3,97	2,14
Produto bruto	37,17	38,95	35,91
<b>GASTOS VARIÁBEIS</b>			
Compra de gando	0,61	0,36	0,94
Compra alimentos vacas	9,23	7,71	9,99
Compra alimentos recría	1,57	0,98	2,15
Produción propia, forraxes	2,71	2,52	3,35
Sanidade e reprodución	2,39	1,93	2,64
Enerxía e maquinaria	2,92	2,11	3,52
Total Gastos Variábeis	19,43	15,61	22,60
<b>GASTOS FIXOS</b>			
Amortizacións técnicas	3,39	3,03	4,27
Man de obra retribuída	1,01	0,47	1,81
Outros custos fixos	3,22	2,94	5,86
Total Custos Fixos	7,62	5,92	10,13
Custo de produción	27,05	21,57	32,72
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE</b>			
Xuros dos capitais propios	1,73	1,78	2,01
Renda das terras propias	1,56	1,62	1,68
Custo do traballo familiar	3,90	4,78	3,85
Total Custo de Oportunidade	7,19	8,17	7,54
Custos Totais	34,24	29,74	40,26
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS</b>			
Marxe neta	10,12	17,38	3,191
Beneficio	2,93	9,21	-4,35
<b>RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)</b>			
Venda de leite	120.701	99.399	121.672
Produto bruto	141.842	121.275	138.857
Total Gastos Variábeis	74.134	48.596	87.360
Total Custos Fixos	29.090	18.565	39.160
Custo Total de Produción	103.224	67.161	126.520
Custo Total de Oportunidade	27.432	25.446	29.153
Custos Totais	130.656	92.607	155.673
Marxe neta	38.618	54.113	12.337
Beneficio	11.186	28.668	-16.815

Gráfico 9. Custos variábeis, fixos e marxe neta dos grupos de cabeza e cola e media xeral.



Resulta moi frecuente entre os produtores utilizar como referencia do seu negocio o volume de facturación, cando ese resultado por si mesmo non indica máis que o tamaño da empresa. En determinadas condicións, o aumento da produción pode non significar máis que un incremento das perdas. Neste sentido, para entender a importancia do control dos custos de produción na rendibilidade das explotacións, resulta instrutivo comparar a diferenza entre o produto bruto do grupo de cabeza e o de cola, que é de 3,02 €/100 l, coa existente para o custo de produción de ambos os dous grupos, que se eleva a 11,5 €/100 l.





# 4.

## EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN (2005–2006)



## 4. EVOLUCIÓN DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN 2005-2006

Nunha situación en que a produción está limitada por unha cota e o prezo do leite é un factor exógeno sobre o que non se pode actuar, a redución dos custos de produción é a única maneira de manter a competitividade das explotacións.

As 126 explotacións que estiveron presentes, tanto na análise de 2005 como na de 2006, foron ordenadas en función da variación experimentada pola relación entre o custo de produción (sen considerar os custos de oportunidade) e o produto bruto. O 25% das explotacións que máis reduciron esa relación de 2005 a 2006 foi denominado “grupo de redución” e o 25% en que menos diminuíu, ou mesmo aumentou, conforma o “grupo de incremento”.

Os resultados globais por explotación mostran que o grupo de redución incrementou a marxe neta nun 29,5% e o beneficio nun 62,4%, no entanto o grupo de incremento sufriu unha baixa do 41,2% e do 83,7%, respectivamente, en ambos os dous conceptos (Táboa 9).

A disparidade de resultados explícase polas diferenzas tanto en ingresos como en gastos. O grupo de redución incrementou o seu produto bruto por explotación nun 9,5%, no entanto o grupo de incremento viu diminuír nun 0,9. Por outra parte, os custos totais creceron en maior proporción para o grupo de incremento (11,9%) que para o de redución (4,3%).

Os resultados unitarios mostran que en ambos os dous casos se deu un aumento do produto bruto, mais este foi superior no grupo de redución (0,9%), no que xa era superior en 2005, aínda que os derivados da venda do leite fosen inferiores.


O grupo de redución, que en 2005 tiña custos variábeis máis altos que o grupo de incremento, logrou reducilos nun 8 %, no entanto o grupo de incremento aumentábaos nun 16,4%. O mesmo acontece cos custos fixos, aínda que a baixa no grupo de redución sexa inferior (0,8%), no de incremento alcanza un 13,2%. O resultado final é que o custo de produción crece un 15,4% para o grupo de incremento e descende un 5,9% para o de redución. Estes resultados corrixense lixeiramente no custo total debido aos custos de oportunidade (Gráfico 10).

Táboa 9. Evolución dos resultados económicos nos grupos con incremento e redución de custos.

	Grupo de Incremento			Grupo de Redución			Media Xeral		
	2005	2006	(%)	2005	2006	(%)	2005	2006	(%)
Número de explotacións	30	30		30	30		126	126	
<b>RESULTADOS UNITARIOS (€/100 l)</b>									
<b>INGRESOS</b>									
Venda do leite	32,80	31,94	-2,6	32,65	31,39	-3,9	32,80	31,79	-3,1
Venda neta de animais	2,27	2,50	10,1	2,85	2,94	3,2	2,49	2,66	6,8
Variación do inventario	0,26	0,01	-96,2	1,06	0,48	-54,7	0,36	0,17	-52,8
Outros ingresos	1	1,95	95	1,99	4,08	105	1,04	2,15	106,7
Produto bruto	36,33	36,40	0,2	38,55	38,89	0,9	36,69	36,77	0,2
Venda leite/Produto bruto (%)	90,2	87,7	-2,5	84,6	80,7	-3,9	89,3	86,4	-2,9
<b>CUSTOS VARIÁBEIS</b>									
Compra de gando	0,49	1,06	116,3	1,08	0,41	-62,0	0,53	0,66	24,5
Compra alimentos vacas	9,00	9,35	3,9	8,77	8,59	-2,1	9,08	9,12	0,4
Concentrados	8,33	8,49	1,9	8,21	7,95	-3,2	8,38	8,31	-0,8
Forraxes	0,67	0,86	28,4	0,56	0,64	14,3	0,71	0,81	14,1
Compra alimentos recría	1,65	2,16	30,9	1,18	1,14	-3,4	1,59	1,69	6,3
Produción propia de forraxes	2,03	2,43	19,7	3,90	3,31	-15,1	2,39	2,49	4,2
Sanidade e reprodución	2,05	2,50	22,0	2,65	2,63	-0,8	2,25	2,42	7,6
Enerxía e maquinaria	3,12	3,84	23,1	2,23	2,16	-3,1	3,09	3,40	10,0
Total Gastos Variábeis	18,33	21,34	16,4	19,82	18,23	-8,0	18,94	19,79	4,5
<b>CUSTOS FIXOS</b>									
Amortizacións técnicas	2,83	3,19	12,7	2,51	2,31	-8,0	2,74	2,78	1,5
Man de obra retribuída	1,50	1,62	8,0	2,19	2,02	-7,8	1,72	1,71	-0,6
Outros custos fixos	3,79	4,4	16,1	3,6	3,9	8,3	3,4	3,79	11,5
Total Custos Fixos	8,12	9,19	13,2	8,30	8,23	-0,8	7,86	8,28	5,3
Custo de produción	26,45	30,53	15,4	28,12	26,45	-5,9	26,79	28,08	4,8
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE</b>									
Xuros dos capitais propios	1,23	1,12	-8,9	1,12	1,74	55,4	1,17	1,25	6,8
Renda das terras propias	1,39	1,54	10,8	1,64	1,63	-0,6	1,45	1,48	2,1
Custo do traballo familiar	2,40	2,43	1,3	4,19	3,86	-7,9	2,97	2,89	-2,7
Total Custos de Oportunidade	5,02	5,09	1,4	6,95	7,23	4,0	5,58	5,62	0,7
Custos Totais	31,47	35,62	13,2	35,07	33,69	-3,9	32,38	33,69	4,0
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS</b>									
Marxe neta	9,88	5,87	-40,6	10,43	12,44	19,3	9,90	8,70	-12,1
Beneficio	4,86	0,79	-83,7	3,48	5,21	49,7	4,32	3,08	-28,7
<b>RESULTADOS GLOBAIS (€/explotación)</b>									
Venda de leite	179.150	172.519	-3,7	102.239	106.745	4,4	144.912	144.554	-0,2
Produto bruto	198.447	196.640	-0,9	120.735	132.246	9,5	162.122	167.204	3,1
Total Gastos Variábeis	100.124	115.288	15,1	62.083	61.978	-0,2	83.671	89.992	7,6
Total Custos Fixos	44.361	49.623	11,9	25.981	27.968	7,6	34.706	37.664	8,5
Custo Total de Produción	144.485	164.911	14,1	88.065	89.947	2,1	118.377	127.656	7,8
Custo Total de Oportunidade	27.404	27.489	0,3	21.769	24.596	13,0	34.706	37.664	8,5
Custos Totais	171.889	192.401	11,9	109.834	114.544	4,3	153.083	165.320	8,0
Marxe-neta	53.961	31.728	-41,2	32.670	42.299	29,5	43.745	39.549	-9,6
Beneficio	26.557	4.238	-83,7	10.901	17.702	62,4	19.077	13.999	-26,6

A baixa da marxe neta e beneficio unitarios no grupo de incremento é similar, porcentualmente, á dos resultados globais da explotación. Porén, no grupo de redución, eses valores son inferiores relativamente á marxe neta e beneficio da explotación.

Gráfico 10. Custos variábeis, custos fixos, o marxe neta e prezo do leite nos grupos con redución e incremento de custos e media xeral 2005-2006.



Iso explícase fundamentalmente polo aumento que experimenta a produción por vaca. As explotacións do grupo de redución son máis pequenas que as do grupo de incremento, tanto en superficie como en número de vacas e produción total de leite (Táboa 10). Por outra parte, se en ambos os dous grupos, o tamaño do rabaño non variou, a carga gandeira diminuíu debido ao aumento da SAU (Gráfico 11).

A desintensificación experimentada polo grupo de incremento, en termos de carga gandeira e mantemento do consumo de concentrado por vaca, non significou unha mellora da relación entre o consumo de concentrado e produción de leite porque o rendemento por vaca se estabilizou.

Esta menor produtividade, sen unha redución paralela dos custos, evidencia problemas de manexo, como revela a elevación do gasto en fertilizantes (7%) e na produción forraxeira (19,7%), o que non evitou un incremento do 28,4% na compra de forraxes.

Todo o contrario acontece no grupo de redución, onde o aumento da produción por vaca nun 8,3% vai acompañada dunha redución no gasto en fertilizantes do 24% e na produción forraxeira dun 15,1%, mellorando a relación entre consumo de concentrado e produción de leite nun 5,4%. Como os custos do grupo de redución xa eran máis baixos en 2005, aumentaron as diferenzas de eficiencia respecto do grupo de incremento.




Táboa 10. Evolución dos índices técnicos nos grupos de incremento e redución de custos.

	Grupo de Incremento			Grupo de Redución			Media Xeral		
	2005	2006	(%)	2005	2006	(%)	2005	2006	(%)
Número de explotacións	30	30		30	30		126	126	
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>									
SAU (ha)	31,5	34,6	9,8	21,4	23,1	7,9	26,6	28,0	5,3
Nº de vacas	61,1	60,3	-1,3	41,4	41,4	0	51,9	52,3	0,8
Produción comercializada (l/expl.)	546.254	540.183	-1,1	313.186	340.017	8,6	441.824	454.691	2,9
Produción /SAU (l/ha)	17.318	15.592	-10	14.675	14.740	0,4	16.628	16.252	-2,3
<b>MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN</b>									
Vacas/ha	1,9	1,7	-10,5	1,9	1,8	-5,3	1,9	1,9	0
UGM/ha	2,64	2,41	-8,7	2,62	2,43	-7,3	2,72	2,58	-5,1
Partos/vaca/ano	0,91	0,86	-5,5	0,89	0,86	-3,4	0,92	0,86	-6,5
Fertilizantes (€/ha)	201,9	216,1	7,0	195,9	148,8	-24	190,6	162,3	-14,8
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DE CONCENTRADO</b>									
Rendemento ( l/vaca)	8.940	8.959	0,2	7.598	8.230	8,3	8.530	8.709	2,1
Concentrado (kg/vaca)	3.367	3.414	1,4	2.773	2.901	4,6	3.100	3.152	1,7
Concentrado/produción leite (g/l)	380	380	0	370	350	-5,4	360	360	0
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)</b>									
Compra concentrado	8,33	8,49	1,90	8,21	7,95	-3,2	8,38	8,31	-0,8
Compra de forraxes	0,67	0,86	28,4	0,56	0,64	14,3	0,71	0,81	14,1
Produción forraxes propias	2,03	2,43	19,7	3,90	3,31	-15,1	2,39	2,49	4,2
<b>CALIDADE DO LEITE</b>									
% graxa	3,84	3,78	-1,6	3,93	3,89	-1,0	3,86	3,77	-2,3
% proteína	3,14	3,16	0,6	3,12	3,15	1,0	3,11	3,09	-0,6
Bacterioloxía (000)	21	17	-19	22	21	-4,5	21	18	-14,3
Células somáticas (000)	210	233	11	192	207	7,8	208	218	4,8
<b>PREZOS</b>									
Leite (€/100 l)	32,8	31,9	-2,7	32,7	31,4	-4,0	32,8	31,8	-3,0
Concentrado (€/t)	211	216	2,4	213	214	0,5	214	216	0,9
Relación prezos leite/concentrado	1,56	1,48	5,1	1,54	1,47	-4,6	1,53	1,47	3,9

Outro aspecto que hai que considerar é que nas explotacións que reduciron custos, os ingresos procedentes de fontes diferentes ao leite son superiores, o que significa que están algo máis diversificadas e que, por tanto, son menos vulnerábeis fronte ás variacións do prezo dese produto. Neste sentido, cómpre salientar que o menor descenso do prezo do leite no grupo de incremento non significou mellores resultados económicos.

Gráfico 11. Producción de leite por vaca, concentrado por vaca e gastos en fertilizantes por ha nos grupos de redución e incremento de custos e media xeral.





5.

**RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO DAS  
EXPLOTACIÓNS, DA INTENSIFICACIÓN DOS  
SISTEMAS PRODUTIVOS E DOS PREZOS**





## 5. RESULTADOS EN FUNCIÓN DO TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS, DA INTENSIFICACIÓN DOS SISTEMAS PRODUTIVOS E DOS PREZOS

Na comparación de resultados das explotacións leiteiras utilízanse dúas referencias básicas: a dimensión das explotacións e a intensificación dos sistemas produtivos. Ambas as dúas son de natureza estrutural e técnica.

Dentro destes dous grandes eixes pódense distinguir múltiples criterios que mesmo poden resultar reiterativos. Por esta razón prescindíuse das referencias de tipo económico das que se extraían conclusións idénticas, coa excepción do prezo do leite e mais do concentrado que para moitos gandeiros constitúen a principal referencia na toma de decisións.



### 5.1. Resultados en función do tamaño

Aínda que os resultados das pequenas explotacións nas análises de anos anteriores indican que son máis eficientes que as grandes, as posibilidades de mellorar a produtividade, de extensificar o sistema produtivo ou de introducir novas alternativas para diversificar o risco están limitadas polo tamaño. Alén das economías de escala está a dimensión mínima ou o volume crítico necesario para incorporar certas innovacións técnicas.

Para coñecer as diferenzas de resultados entre explotacións de diferente tamaño, clasificáronse as explotacións segundo tres criterios que recollen a dimensión: número de vacas, superficie agrária útil e volume.

### 5.1.1. Resultados por tamaño do rabaño

O número de vacas é a variábel máis utilizada para estratificar as explotacións en función do seu tamaño. Isto débese a que permite a comparación entre explotacións, mesmo se carecen de terras.


Táboa 11. Índices técnicos por número de vacas en 2006.

Número de vacas	< 20	20 – 40	40 – 60	60 – 80	≥ 80
Número de explotacións	13	98	73	25	25
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>					
SAU (ha)	12,1	17,7	26,4	32,2	46,8
Número medio de vacas	16,3	30,9	48,9	67,8	107,5
Produción comercializada (l/expl.)	101.501	218.244	382.559	589.597	956.547
Produción /SAU (l/ha)	8.416	12.357	14.525	18.311	20.445
<b>MANEXO DO GANDO</b>					
Vacas/ha	1,3	1,7	1,9	2,1	2,3
UGM/ha	2,0	2,53	2,82	3,18	3,27
Partos/vaca/ano	0,95	0,88	0,83	0,86	0,92
<b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>					
Fertilizantes (€/ha)	101	160	195	220	202
UF-N/ha	56	96	120	145	103
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	43	76	69	108	120
K <sub>2</sub> O/ha	36	64	59	57	83
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>					
Rendemento (l/vaca)	6.274	7.094	7.829	8.704	8.900
Concentrado (Kg/vaca)	2.548	2.596	3.213	3.367	3.518
Concentrado/leite (g/l)	410	370	410	390	400
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)</b>					
Compra de concentrado	8,77	8,10	8,83	8,45	8,48
Compra de forraxes	0,16	0,51	0,63	0,67	0,11
Produción de forraxes propias	2,61	3,01	2,88	2,64	2,27
<b>CALIDADE DO LEITE</b>					
% graxa	3,94	3,88	3,72	3,82	3,76
% proteína	3,19	3,13	3,09	3,05	3,18
Bacterioloxía (000)	21	22	22	13	14
Células somáticas (000)	209	223	230	203	252
<b>PREZOS</b>					
Leite (€/100 l)	29,18	30,49	31,48	32,37	32,51
Concentrado (€/t)	216	219	214	218	215
Relación prezos leite/concentrado	1,35	1,39	1,47	1,49	1,51

Os resultados técnicos de 2006 (Táboa 11) mostran que existe unha correlación positiva entre o tamaño do rabaño, superficie, carga gandeira, rendemento leiteiro, gasto en fertilización, compra de forraxes, consumo de concentrado por vaca e prezo do leite. A medida que as explotacións aumentan a súa superficie, tamén incrementan o número de vacas e a carga gandeira, isto é, que canto maior é o tamaño, maior é a intensificación. Dito doutro xeito, na Galiza o sistema de produción é independente do tamaño da explotación (Gráfico 12).

As únicas diferenzas que se observan, como a relación entre consumo de concentrado e produción de leite nos estratos de 20-40 e 60-80 vacas, débense simplemente a que a produción por vaca é proporcionalmente superior ao consumo de concentrado. Mais esa mellor xestión do concentrado non está ligada ao tamaño senón ao manexo máis eficiente nunha proporción superior de explotacións neses estratos.

Gráfico 12. SAU, vacas, rendemento leiteiro (l/vaca) e consumo concentrado (kg/vaca) por número de vacas en 2006.



Que o prezo do leite sexa superior explícase porque as industrias priman o maior volume de leite comercializado. Porén as diferenzas no prezo do concentrado son alleas ás explotacións e pódense deber a circunstancias como a proximidade dunha industria ou o funcionamento da cooperativa da que son socios.

Os resultados económicos son bastante máis indicativos que os técnicos. As explotacións con maior número de vacas teñen máis ingresos pola venda do leite, mais iso non significa un produto bruto superior. De facto, os outros ingresos diminúen a medida que aumenta o tamaño do rabaño (Táboa 12).

Táboa 12. Índices económicos por número de vacas en 2006.

Número de vacas	< 20	20 – 40	40 – 60	60 – 80	≥ 80
Número de explotacións	13	98	73	25	25
<b>INGRESOS (€/100 l)</b>					
Venda de leite	29,18	30,49	31,48	32,37	32,51
Venda de animais	2,75	3,25	2,79	2,19	2,39
Variación do inventario	-0,10	-0,04	0,37	0,60	0,29
Outros ingresos	3,08	3,00	2,89	2,43	1,86
Produto bruto	34,91	36,70	37,53	37,59	37,05
<b>GASTOS VARIÁBEIS (€/100 l)</b>					
Compra de gando	0,32	0,36	0,69	0,48	0,84
Compra alimentos vacas	8,93	8,61	9,46	9,12	9,61
Compra alimentos reería	0,64	1,17	1,57	1,30	2,15
Produción propia, forraxes	2,61	3,01	2,88	2,64	2,27
Sanidade e reprodución	2,11	2,13	2,36	2,43	2,65
Enerxía e maquinaria	1,77	2,55	2,88	2,93	3,37
Total Gastos Variábeis	16,38	17,82	19,83	18,90	20,89
<b>GASTOS FIXOS (€/100 l)</b>					
Amortizacións técnicas	5,52	3,68	3,59	2,69	3,23
Outros custos fixos	2,17	3,09	2,99	3,49	3,51
Man de obra retribuída	1,31	0,61	0,76	0,71	1,81
Total Custos Fixos	9,00	7,38	7,34	6,89	8,55
Custo de produción	25,38	25,20	27,17	25,79	29,44
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)</b>					
Xuros dos capitais propios	2,80	2,15	1,81	1,52	1,35
Renda das terras propias	2,87	1,95	1,65	1,31	1,17
Custo do traballo familiar	8,62	4,01	3,66	3,27	1,37
Total Custo de Oportunidade	14,28	8,11	7,12	6,09	3,89
Custos Totais	39,67	33,31	34,29	31,89	33,33
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 l)</b>					
Marxe neta	9,53	11,50	10,36	11,80	7,61
Beneficio	-4,76	3,39	3,24	5,70	3,71


Nos gastos variábeis, nos únicos en que se observa unha relación directa co tamaño do rabaño, son os relativos á sanidade e reprodución e á enerxía e maquinaria.

Nos gastos fixos, e como consecuencia no custo total de produción, o estrato de 80 vacas ou máis ten un comportamento anómalo. Contra todo pronóstico, os seus custos de produción son superiores mesmo aos do estrato de menos de 20 vacas (Gráfico 13).

Os custos de oportunidade diminúen a medida que aumenta o tamaño do rabaño. O resultado final é que as explotacións do estrato superior teñen unha marxe neta menor que a do estrato inferior, no entanto o seu beneficio é máis alto.

Desta comparación pódese deducir que as explotacións de maior tamaño teñen un manexo moi ineficiente, que desperdician as economías de escala e as vantaxes que lles confire a súa maior dimensión. Por tanto, conviría analizar en profundidade o que acontece desde o punto de vista técnico e de xestión neste grupo, no que, en teoría, tenden a integrarse boa parte das explotacións.

Gráfico 13. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite por número de vacas en 2006.



### 5.1.2. Resultados por tamaño da Superficie Agraria Útil

Por Superficie Agraria Útil nas explotacións leiteiras débese entender só a destinada á alimentación do gando de leite. Esta variábel utilízase menos que o número de vacas para estratificar as explotacións en función do seu tamaño; mais é moi importante na medida en que permite coñecer os límites de crecemento do rabaño e a viabilidade dos sistemas extensivos. Por outra parte, a lexislación ambiental é cada vez máis restritiva respecto das cargas gandeiras.

Para coñecer a influencia desta variábel sería necesario contar con información sobre os usos do solo, mais na actualidade carécese dela para a maioría das explotacións e, por tanto, non é posíbel máis que unha aproximación en termos de dimensión da superficie.

Con todo, no grupo das explotacións que nos ocupa, a ampliación da superficie supón o aumento do número de vacas, do rendemento por vaca, do consumo de concentrado por vaca e, como consecuencia, unha produción de leite por hectárea e total por explotación maiores (Táboa 13).


Táboa 13. Índices técnicos por SAU (ha) en 2006.

SAU (ha)	<10	10 – 20	20 – 30	30 – 40	≥ 40
Número de explotacións	13	87	64	45	25
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>					
SAU (ha)	7,4	15,4	23,5	34,1	52,8
Nº de vacas	22,2	33,8	43,5	65,8	88,8
Produción comercializada (l)	138.911	239.056	333.234	562.797	801.253
Produción /SAU (l/ha)	18.753	15.638	14.180	16504	15.166
<b>MANEXO DO GANDO</b>					
Vacas/ha	3,0	2,2	1,8	1,9	1,7
UGM/ha	3,84	2,94	2,50	2,60	2,32
Partos/vaca/ano	0,90	0,86	0,86	0,87	0,92
<b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>					
Fertilizantes (€/ha)	193	178	170	153	203
UF-N/ha	91	116	95	101	101
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	127	73	62	75	118
K <sub>2</sub> O/ha	99	61	50	56	73
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>					
Rendemento (l/vaca)	6.276	7.103	7.681	8.554	9.025
Concentrado (Kg/vaca)	2.310	2.662	3.078	3.259	3.550
Concentrado/leite (g/l)	370	370	400	380	390
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)</b>					
Compra de concentrado	7,95	8,23	8,86	8,48	8,47
Compra de forraxes	0,45	0,67	0,51	0,75	1,05
Produción de forraxes propias	2,56	2,69	3,14	2,47	2,57
<b>CALIDADE DO LEITE</b>					
% graxa	3,87	3,83	3,88	3,71	3,75
% proteína	3,18	3,11	3,17	3,03	3,17
Bacterioloxía (000)	32	22	19	16	17
Células somáticas (000)	232	226	220	215	254
<b>PREZOS</b>					
Leite (€/100 l)	29,98	30,95	31,24	32,32	32,03
Concentrado (€/t)	215,68	211,35	223,39	217,17	216,06
Relación prezos leite/concentrado	1,39	1,46	1,39	1,48	1,48

Obsérvase unha redución da carga gandeira a medida que aumenta a superficie das explotacións, así como a compra de forraxes aumenta coa superficie e a produción de forraxes propias se reduce a partir das 30 ha de SAU. A explicación deste comportamento pode estar en que o rabaño crece a un ritmo superior ao da produción das forraxes necesarias para o gando e porque os novos animais, ademais de seren máis produtivos, teñen maiores necesidades alimenticias (Gráfico 14).



Gráfico 14. SAU, vacas, rendemento leiteiro (l/vaca) e consumo concentrado (kg/vaca) en función da SAU en 2006.



As diferenzas no prezo do leite débense ao maior volume de produción e as do prezo do concentrado non parecen ligadas á dimensión da SAU.

Desde o punto de vista económico, a venda de leite e o produto bruto aumentan co tamaño da explotación (Táboa 14). Tamén o fan os custos variábeis e o custo total de produción, mesmo se o comportamento dos fixos parece independente da superficie. Os custos de oportunidade diminúen ao aumentar a SAU, mais o custo total, igual que a marxe neta e o beneficio parecen independentes dela (Gráfico 15).


Non parece lóxico que o aumento da superficie non reporte vantaxes ás explotacións. Iso indica que nas explotacións grandes non se utiliza eficientemente e que existen graves deficiencias de manexo.

Por outra parte, pódese entender que unha maior superficie, se non vai acompañada dunha concentración de parcelas, non resolve ningún problema. Mesmo pode acentuar os existentes ao requirir máis man de obra.

Táboa 14. Índices económicos por SAU (ha) en 2006.

SAU (ha)	<10	10 – 20	20 – 30	30 – 40	≥ 40
Número de explotacións	13	87	64	45	25
<b>INGRESOS (€/100 l)</b>					
Venda de leite	29,98	30,95	31,24	32,32	32,03
Venda de animais	2,73	2,62	2,89	2,44	2,88
Variación do inventario	-0,81	0,23	0,35	0,57	-0,01
Total outros ingresos	2,44	2,88	3,27	1,97	2,27
Produto bruto	34,34	36,67	37,75	37,30	37,17
<b>GASTOS VARIÁBEIS (€/100 l)</b>					
Compra de gando	0,26	0,45	0,44	0,77	0,79
Compra alimentos vacas	8,39	8,89	9,37	9,23	9,52
Compra alimentos recría	1,26	1,21	1,37	1,54	2,23
Produción propia, forraxes	2,56	2,69	3,14	2,47	2,57
Sanidade e reprodución	2,13	2,16	2,23	2,67	2,47
Enerxía e maquinaria	2,66	2,29	2,65	2,93	3,88
Total Gastos Variábeis	17,26	17,70	19,19	19,60	21,46
<b>GASTOS FIXOS (€/100 l)</b>					
Amortizacións técnicas	5,42	3,60	3,84	3,08	2,92
Man de obra retribuída	1,26	0,60	0,62	0,87	1,99
Outros custos fixos	2,50	2,49	3,01	3,45	3,99
Total Custos Fixos	9,18	6,69	7,47	7,40	8,90
Custo de produción	26,43	24,39	26,67	27,00	30,36
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)</b>					
Xuros dos capitais propios	2,70	2,06	2,01	1,55	1,24
Renda das terras propias	1,29	1,54	1,70	1,46	1,58
Custo do traballo familiar	6,30	4,76	4,73	3,11	1,09
Total Custo de Oportunidade	10,29	8,36	8,43	6,12	3,91
Custos Totais	36,72	32,75	35,10	33,11	34,27
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 l)</b>					
Marxe neta	7,91	12,29	11,08	10,31	6,81
Beneficio	-2,38	3,93	2,65	4,19	2,90

Gráfico 15. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da SAU en 2006.



### 5.1.3. Resultados por volume de leite comercializado

O volume de produción como criterio de estratificación é o mais global, pois incorpora o rendemento por vaca ao tamaño do rabaño; mais esa mesma xeneralidade non sempre resulta clarificadora, o que esixe utilizalo xunto con outros criterios complementarios.

Neste conxunto de explotacións, o aumento da produción vai da man non só do crecemento do rabaño senón tamén da ampliación da SAU, do incremento da carga gandeira e do rendemento por vaca. A maior superficie, maior número de vacas, superior carga gandeira e rendemento leiteiro por vaca e consumo de concentrado por vaca máis altos. Como consecuencia, maior produción de leite por hectárea e total por explotación (Táboa 15).


As diferenzas observábeis entre estratos para algunhas variábeis, como é a relación entre consumo de concentrado e produción de leite e a compra de concentrado e forraxes, non son relevantes. En canto ao prezo percebido pola venda de leite, este non varía a partir dos 600.000 litros de produción.

Táboa 15. Índices técnicos por volume de produción comercializada (000 l) en 2006.

Produción (000 l)	< 200	200-400	400-600	600-800	≥ 800
Número de explotacións	61	96	39	20	18
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>					
SAU (ha)	15,2	21,8	29,3	37,8	48,9
Nº de vacas	25,5	40,0	58,0	74,5	113,6
Produción comercializada (l)	145.242	294.147	493.813	669.973	1.085.101
Produción /SAU (l/ha)	9.596	13.550	16.876	17.735	22.183
<b>MANEXO DO GANDO</b>					
Vacas/ha	1,7	1,8	2,0	2,0	2,3
UGM/ha	2,35	2,74	3,0	2,83	3,39
Partos/vaca/ano	0,88	0,87	0,81	0,92	1,01
<b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>					
Fertilizantes ( €/ha)	127	189	217	201	203
UF-N/ha	77	108	145	117	104
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	62	76	84	126	129
K <sub>2</sub> O/ha	53	66	56	84	59
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>					
Rendemento (l/vaca)	5.717	7.382	8.514	8.997	9.550
Concentrado (Kg/vaca)	2.253	2.908	3.458	3.743	3.763
Concentrado/leite (g/l)	390	390	410	420	390
<b>Gastos en alimentación (€/100 l)</b>					
Compra de concentrado	8,41	8,34	8,76	8,71	8,36
Compra de forraxes	0,25	0,60	0,72	0,47	0,14
Produción de forraxes propias	2,72	3,20	2,84	2,48	2,01
<b>CALIDADE DO LEITE</b>					
% graxa	3,87	3,84	3,71	3,78	3,75
% proteína	3,14	3,12	3,10	3,04	3,16
Bacterioloxía (000)	29	19	14	11	15
Células somáticas (000)	244	217	201	199	266
<b>PREZOS</b>					
Leite (€/100 l)	29,67	31,13	31,66	32,58	32,57
Concentrado (€/t)	218	215	220	211	217
Relación prezos leite/concentrado	1,35	1,44	1,43	1,54	1,50

Con todo, o máis salientábel é, como xa se viu anteriormente, que a maior dimensión das explotacións significa, tamén, maior intensificación do seu sistema produtivo (Gráfico 16).

Gráfico 16. SAU, vacas, rendemento leiteiro (l/vaca) e consumo concentrado (kg/vaca) en función do volume de leite comercializado en 2006.



Os resultados económicos mostran que os ingresos pola venda de leite aumentan co volume de produción e que nos outros ingresos acontece todo o contrario, de modo que o produto bruto resultante da suma de ambos os dous non garda relación co volume de leite comercializado (Táboa 16).



Os gastos variábeis aumentan co volume de produción. Os fixos tenden a reducirse, mais a partir dos 600.000 litros de produción incrementáanse. O resultado é un custo de produción que aumenta co tamaño do volume de leite comercializado, cando, en boa lóxica, debería acontecer todo o contrario (Gráfico 17). Só os custos de oportunidade diminúen ao aumentar o volume de produción.


Táboa 16. Índices económicos por volume de produción comercializada (000 l) en 2006.

Produción (000 l)	< 200	200-400	400-600	600-800	≥ 800
Número de explotacións	61	96	39	20	18
<b>INGRESOS (€/100 l)</b>					
Venda de leite	29,67	31,13	31,66	32,58	32,57
Venda de animais	3,55	3,08	2,36	2,59	2,14
Variación do inventario	-0,74	0,55	0,25	0,79	0,04
Total outros ingresos	3,27	3,15	2,87	2,35	1,27
Produto bruto	35,75	37,91	37,14	38,31	36,02
<b>GASTOS VARIÁBEIS (€/100 l)</b>					
Compra de gando	0,41	0,57	0,43	0,97	0,70
Compra alimentos vacas	8,66	8,94	9,48	9,18	9,70
Compra alimentos recría	0,98	1,26	1,63	1,57	2,23
Produción propia, forraxes	2,72	3,20	2,84	2,48	2,01
Sanidade e reprodución	1,95	2,16	2,51	2,92	2,43
Enerxía e maquinaria	2,11	2,48	3,05	3,04	3,73
Total Gastos Variábeis	16,84	18,60	19,94	20,15	20,85
<b>GASTOS FIXOS (€/100 l)</b>					
Amortizacións técnicas	4,86	3,73	2,92	2,84	3,10
Outros custos fixos	2,39	2,89	3,35	3,34	3,77
Man de obra retribuída	0,99	0,74	0,55	0,76	2,02
Total Custos Fixos	8,24	7,36	6,82	6,94	8,89
Custo de produción	25,07	25,96	26,86	27,09	29,69
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)</b>					
Xuros dos capitais propios	2,78	2,07	1,66	1,63	0,92
Renda das terras propias	2,51	1,78	1,42	1,35	1,08
Custo do traballo familiar	6,02	4,46	3,54	3,27	0,81
Total Custo de Oportunidade	11,31	8,31	6,62	6,25	2,81
Custos Totais	36,39	34,27	33,48	33,34	32,50
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 l)</b>					
Marxe neta	10,68	11,95	10,28	11,22	6,22
Beneficio	-0,64	3,64	3,66	4,97	3,52

A consecuencia é que a marxe neta do estrato superior é menor que a dos outros e que o seu beneficio só é maior que o do estrato inferior, o que ratifica que nas explotacións galegas a maior dimensión non xera economías de escala nin mellora a eficiencia.



Gráfico 17. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do volume de leite comercializado en 2006.



## 5.2. Resultados en función da intensificación dos sistemas produtivos

A intensificación do sistema de produción é a única alternativa para as explotacións de menor tamaño, aínda que na Galiza, como se viu anteriormente, as explotacións leiteiras grandes son tan intensivas ou máis que as pequenas. Para coñecer a incidencia da intensificación nos resultados das explotacións seleccionáronse como criterios de estratificación as seguintes variábeis pola súa relevancia: carga gandeira, rendemento leiteiro das vacas, produción de leite por unidade de superficie e relación entre consumo de concentrado e produción de leite.

Prescindiuse de criterios de tipo económico, como os gastos por unidade de superficie, para evitar máis reiteracións. Porén, quixérase ter incluído algunhas referencias da intensidade do factor traballo e a produtividade da man de obra, mais a información obtida carecía de fiabilidade.

### 5.2.1. Resultados en función da carga gandeira

A carga gandeira das explotacións leiteiras galegas é un dos factores considerado na normativa reguladora dos sistemas agrarios sustentábeis. Na carga gandeira inclúese a totalidade do rabaño, polo que se utilizou como unidade de medida a Unidade de Gando Maior (UGM).

A carga das explotacións galegas de vacún de leite é relativamente alta. De facto, na mostra analizada, só o 23% das explotacións está por debaixo das 2 UGM/ha, no entanto o 34 % pasa das 3 UGM/ha.


Táboa 17. Índices técnicos por carga gandeira (UGM/ha) en 2006.

UGM/ha	< 2	2,0 – 2,5	2,5 – 3,0	3,0 – 4,0	≥ 4,0
Número de explotacións	53	51	50	55	24
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>					
SAU (ha)	27,4	25,4	28,3	20,9	17,1
Nº de vacas	34,2	42,5	56,2	52,9	59,1
Produción comercializada (l)	260.875	307.486	466.318	441.784	481.849
Produción/SAU (l/ha)	9.525	12.136	16.484	21.201	28.123
<b>MANEXO DO GANDO</b>					
Vacas/ha	1,2	1,7	2,0	2,5	3,4
UGM/ha	1,65	2,22	2,70	3,37	4,86
Partos/vaca/ano	0,91	0,86	0,87	0,85	0,82
<b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>					
Fertilizantes (€/ha)	111	149	182	196	296
UF-N/ha	64	92	105	116	185
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	49	70	70	88	130
K <sub>2</sub> O/ha	43	59	48	67	110
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>					
Rendemento (l/vaca)	7.645	7.247	8.306	8.368	8.159
Concentrado (Kg/vaca)	2.716	2.835	3.052	3.120	3.265
Concentrado/leite (g/l)	360	390	370	370	400
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN ( €/100 l)</b>					
Compra de concentrado	8,29	8,86	8,15	8,67	8,65
Compra de forraxes	0,47	0,40	0,74	0,69	0,15
Produción de forraxes propias	2,59	2,93	3,02	2,40	2,40
<b>CALIDADE DO LEITE</b>					
% graxa	3,88	3,86	3,67	3,83	3,82
% proteína	3,15	3,16	2,94	3,17	3,20
Bacterioloxía (000)	19	23	23	20	15
Células somáticas (000)	234	205	204	248	229
<b>PREZOS</b>					
Leite (€/100 l)	30,33	31,53	32,09	31,87	31,86
Concentrado (€/t)	218	222	214	216	209
Relación prezos leite/concentrado	1,39	1,42	1,49	1,47	1,53

Existe unha clara relación entre a carga gandeira, tanto en UGM/ha como en vacas/ha, coa produción de leite por hectárea, número de vacas, consumo de concentrado por vaca e emprego de fertilizantes; e se excluímos o estrato intermedio de 2,5-3,0 UGM/SAU, poderíase dicir o mesmo da SAU e do volume de leite comercializado. O anómalo comportamento dese estrato pódese explicar porque, sendo o de maior superficie media, non é o de maior número de vacas nin o de rendemento leiteiro por vaca máis alto. Neste sentido resulta interesante comparar os resultados deste estrato co de < 2 UGM/ha, porque permite apreciar as diferenzas entre explotacións de superficie semellante e distinta carga gandeira (Táboa 17).

Resulta paradoxal que as explotacións con maior carga sexan as que máis gastan en fertilizantes químicos. Este deficiente manexo dos zurros revela unha carencia de formación técnica nos produtores da que se resente a súa conta de resultados. A relación entre consumo de concentrado e produción de leite non garda relación coa carga, senón co rendemento por vaca (Gráfico 18).

Gráfico 18. Custo de fertilizantes (€/ha), rendemento leiteiro (l/vaca) e consumo concentrado (kg/vaca) en función da carga gandeira (UGM/ha) en 2006.




Os resultados económicos mostran que as diferenzas nos ingresos do leite e no produto bruto non están directamente relacionadas coa carga. Tampouco parece existir relación entre esta e os custos, tanto variábeis como fixos. As diferenzas na marxe neta non son relevantes, salvo no caso do estrato de 2,5-3 UGM/ha. As observábeis no beneficio débense ás diferenzas nos custos de oportunidade (Táboa 18).

Unha comparación que ofrece certo contraste é a que se pode establecer entre os estratos de < 2 UGM/ha e o de 2,5-3,0 UGM/ha. Trátase de explotacións cunha SAU semellante e superior á do resto. A maior carga gandeira xera uns custos de produción superiores que son amortecidos polos de oportunidade. O resultado é unha marxe neta máis alta e un beneficio máis baixo no estrato de < 2 UGM/ha (Gráfico 19).

Táboa 18. Índices económicos por carga gandeira (UGM/ha) en 2006.

UGM/ha	< 2	2,0 – 2,5	2,5 – 3,0	3,0 – 4,0	≥ 4,0
Número de explotacións	53	51	50	55	24
<b>INGRESOS (€/100 l)</b>					
Venda de leite	30,33	31,53	32,09	31,87	31,86
Venda de animais	4,16	2,34	2,59	2,41	2,25
Variación do inventario	-0,29	0,54	0,13	0,41	0,62
Total outros ingresos	2,34	3,02	2,66	2,35	2,42
Produto bruto	36,54	37,43	37,47	37,04	37,15
<b>GASTOS VARIÁBEIS (€/100 l)</b>					
Compra de gando	0,70	0,43	0,64	0,62	0,70
Compra alimentos vacas	8,76	9,26	8,89	9,35	10,18
Compra alimentos recría	1,37	1,21	1,83	1,65	1,64
Produción propia, forraxes	2,59	2,93	3,02	2,40	2,40
Sanidade e reprodución	2,17	2,16	2,52	2,49	2,48
Enerxía e maquinaria	3,28	2,70	3,24	2,74	2,61
Total Gastos Variábeis	18,87	18,69	20,14	19,26	20,02
<b>GASTOS FIXOS (€/100 l)</b>					
Amortizacións técnicas	3,17	3,60	3,27	3,39	3,70
Man de obra retribuída	0,62	1,12	1,23	1,13	0,56
Outros custos fixos	3,37	3,36	3,92	2,72	2,57
Total Custos Fixos	7,16	8,08	8,42	7,24	6,83
Custo de produción	26,03	26,76	28,56	26,50	26,84
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)</b>					
Xuros dos capitais	1,85	1,96	1,55	1,71	1,74
Renda das terras propias	2,53	1,98	1,46	1,13	0,85
Custo do traballo familiar	4,70	4,84	3,38	3,57	3,63
Total Custos oportunidade	9,07	8,78	6,38	6,41	6,22
Custos Totais	35,10	35,54	34,94	32,90	33,06
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 l)</b>					
Marxe neta	10,51	10,67	8,91	10,55	10,31
Beneficio	1,45	1,89	2,53	4,14	4,09

Gráfico 19. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da carga gandeira (UGM/ha) en 2006.



### 5.2.2. Resultados en función do rendemento leiteiro

O rendemento leiteiro, medido pola produción de leite por vaca e ano, é unha das variábeis máis valorizadas polos produtores, que mesmo a chegan a considerar o índice máis relevante da eficiencia, cando non da rendibilidade económica da explotación. Porén é só unha referencia que unicamente en relación con outras resulta explicativa.

A procura da maior produción por vaca mediante a mellora xenética leva a acurtar o período de vida útil dos animais e a manter unha taxa de reposición máis alta, o que ten unha evidente repercusión económica. Por outra parte, os altos rendementos dos animais acostuman ir acompañados de problemas reprodutivos e sanitarios que inciden negativamente nos custos de produción.

Na mostra analizada existe unha clara relación entre o rendemento por vaca, o consumo de concentrado por vaca, o tamaño do rabaño e o volume de produción comercializada (Táboa 19). A existencia dunha relación positiva coa SAU e o gasto en fertilizantes, dúas variábeis independentes da produción por vaca, ratifica a coincidencia, xa constatada, entre dimensión e intensificación.


Porén, non se observan diferenzas de carga gandeira, nin da relación entre consumo de concentrado e produción de leite (Gráfico 20). As diferenzas no prezo percibido polo leite débense ao tamaño do volume de produción comercializada.

Táboa 19. Índices técnicos por rendemento leiteiro (l/vaca) en 2006.

Litros/vaca/ano	< 5.500	5.500-6.500	6.500-7.500	7.500-8.500	≥ 8.500
Número de explotacións	35	28	48	50	73
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>					
SAU (ha)	18,9	18,5	21,4	25,2	31,9
Nº de vacas	33,9	38,8	37,1	47,7	65,2
Produción comercializada (l)	163.065	235.039	257.614	385.052	621.663
Produción/SAU (l/ha)	8.661	12.767	12.081	15.297	19.493
<b>MANEXO DO GANDO</b>					
Vacas/ha	1,8	2,1	1,7	1,9	2,0
UGM/ha	2,48	2,79	2,53	2,87	2,88
Partos/vaca/ano	0,85	0,86	0,86	0,84	0,94
<b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>					
Fertilizantes (€/ha)	117	153	191	199	203
UF-N/ha	68	104	108	126	117
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	57	70	76	96	80
K <sub>2</sub> O/ha	56	55	64	70	55
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>					
Rendemento (l/vaca)	4.840	6.077	6.965	8.089	9.547
Concentrado (Kg/vaca)	1.907	2.298	2.771	2.987	3.845
Concentrado/leite (g/l)	390	380	400	370	400
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)</b>					
Compra de concentrado	8,52	8,63	8,86	8,02	8,58
Compra de forraxes	0,09	0,71	0,23	0,74	0,95
Produción de forraxes propias	3,20	2,57	3,59	3,33	2,16
<b>CALIDADE DO LEITE</b>					
% graxa	3,87	3,75	3,86	3,87	3,75
% proteína	3,16	3,02	3,17	3,14	3,09
Bacterioloxía (000)	24	36	22	14	14
Células somáticas (000)	267	236	233	204	206
<b>PREZOS</b>					
Leite (€/100 l)	30,00	31,26	30,41	31,73	32,19
Concentrado (€/t)	215,06	218,27	222,3	213,91	214,49
Relación prezos leite/concentrado	1,39	1,43	1,36	1,48	1,50




Gráfico 20. Custo dos fertilizantes (€/ha), carga gandeira (vacas/ha) e consumo de concentrado (kg/vaca) en función do rendemento leiteiro (l/vaca) en 2006.



Nin o produto bruto, nin os gastos fixos gardan relación co rendemento; mais si os gastos variábeis, aínda que o estrato de 5.500-6.500 l/vaca ten un comportamento algo diferente ao resto (Táboa 20). Os custos de oportunidade, como xa se viu anteriormente, teñen unha clara relación co tamaño das explotacións, mais nin a marxe neta nin o beneficio parecen relacionados co rendemento por vaca (Gráfico 21).

Gráfico 21. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do rendemento leiteiro (l/vaca) en 2006.



Táboa 20. Índices económicos por rendemento leiteiro (l/vaca) en 2006.

Litros/vaca/ano	< 5.500	5.500-6.500	6.500-7.500	7.500-8.500	≥8.500
Número de explotacións	35	28	48	50	73
<b>INGRESOS (€/100 l)</b>					
Venda de leite	30,00	31,26	30,41	31,73	32,19
Venda de animais	5,14	3,07	2,67	2,56	2,39
Variación do inventario	0,60	0,35	-0,17	0,48	0,27
Total outros ingresos	3,64	2,64	3,32	3,93	1,63
Produto bruto	39,38	37,32	36,23	38,70	36,48
<b>GASTOS VARIÁBEIS (€/100 l)</b>					
Compra de gando	0,58	0,51	0,79	0,45	0,65
Compra alimentos vacas	8,61	9,34	9,09	8,76	9,53
Compra alimentos recria	1,51	1,11	1,14	1,31	1,87
Produción propia, forraxes	3,20	2,57	3,59	3,33	2,16
Sanidade e reprodución	1,95	2,00	2,02	2,62	2,50
Enerxía e maquinaria	2,45	1,81	1,94	2,75	3,49
Total Gastos Variábeis	18,29	17,34	18,57	19,21	20,20
<b>GASTOS FIXOS (€/100 l)</b>					
Amortizacións técnicas	6,59	4,19	3,54	3,10	2,96
Man de obra retribuída	1,38	1,08	0,69	0,70	1,16
Outros custos fixos	1,84	2,49	2,74	3,14	3,68
Total Custos Fixos	9,81	7,76	6,97	6,94	7,80
Custo de produción	28,09	25,10	25,54	26,15	28,00
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)</b>					
Xuros dos capitais propios	3,67	2,40	2,30	1,92	1,16
Renda das terras propias	2,79	1,89	1,99	1,57	1,23
Custo do traballo familiar	5,37	4,84	4,42	3,86	2,53
Total Custos de Oportunidade	11,83	9,13	8,71	7,35	4,92
Custos Totais	39,92	34,23	34,25	33,51	32,92
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 l)</b>					
Marxe neta	11,29	12,22	10,69	12,55	8,48
Beneficio	-0,54	3,10	1,98	5,19	3,56

### 5.2.3. Resultados en función da produción por unidade de superficie

A produción de leite por hectárea sintetiza os dous criterios anteriores: a carga gandeira e o rendemento das vacas. Posibelmente sexa o criterio que mellor estratifica as explotacións e explica o nivel de intensificación dos sistemas produtivos.


A produción de leite por hectárea aparece relacionada directa e positivamente co tamaño do rabaño, coa produción total de leite por explotación, coa carga gandeira e co concentrado consumido por vaca (Táboa 21). A relación co rendemento por vaca só é clara por debaixo das 25 ha e, curiosamente, é independente da superficie (Gráfico 22).

Táboa 21. Índices técnicos segundo a produción por unidade de superficie (000l/ha) en 2006.

(000 l/ha)	<10	10 - 15	15 - 20	20 - 25	≥ 25
Número de explotacións	57	61	61	31	24
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>					
SAU (ha)	24,8	23,9	27,5	24,4	20,5
Nº de vacas	32,1	40,4	56,7	59,1	66,9
Produción comercializada (l)	198.282	294.637	469.676	541.563	607.262
Produción/SAU (l/ha)	8.037	12.368	17.084	22.225	29.584
<b>MANEXO DO GANDO</b>					
Vacas/ha	1,3	1,7	2,1	2,4	3,3
UGM/ha	1,82	2,35	2,86	3,51	4,57
Partos/vaca/ano	0,89	0,85	0,85	0,92	0,83
<b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>					
Fertilizantes ( €/ha)	115	149	213	208	331
UF-N/ha	65	94	120	120	230
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	53	62	90	106	128
K <sub>2</sub> O/ha	48	50	66	77	106
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>					
Rendemento ( l/vaca)	6.192	7.312	8.291	9.179	9.078
Concentrado (Kg/vaca)	2.434	2.737	3.109	3.567	3.670
Concentrado/leite (g/l)	390	370	380	390	400
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)</b>					
Compra de concentrado	8,78	8,38	8,22	8,73	8,70
Compra de forraxes	0,34	0,55	0,63	0,89	0,13
Produción de forraxes propias	3,48	2,61	3,10	2,30	1,91
<b>CALIDADE DO LEITE</b>					
% graxa	3,88	3,81	3,77	3,81	3,80
% proteína	3,15	3,09	3,07	3,18	3,17
Bacterioloxía (000)	22	26	17	18	13
Células somáticas (000)	235	220	222	228	214
<b>PREZOS</b>					
Leite (€/100 l)	30,08	31,08	32,03	32,04	32,28
Concentrado (€/t)	219	218	217	213	211
Relación prezos leite/concentrado	1,37	1,42	1,47	1,50	1,52


A produción de leite por hectárea parece relacionada positivamente cos ingresos por venda de leite, aínda que as diferenzas entre estratos non son moi grandes. Porén, non existe relación co produto bruto nin cos gastos variábeis. Os gastos fixos tenden a diminuír ao aumentar a produción de leite por hectárea, aínda que o estrato de 10.000-15.000 litros/ha ten un comportamento diferente e, de feito, presenta o custo de produción máis baixo. Os custos de oportunidade descenden a medida que aumenta a produción por hectárea (Táboa 22).

Gráfico 22. SAU, vacas, rendemento leiteiro (l/vaca) e consumo concentrado (kg/vaca) en función da produción de leite por hectárea (000 L/ha) en 2006.



A marxe neta non garda relación coa produción por unidade de superficie e, de facto, os estratos inferiores conseguen mellores resultados que os superiores. Non obstante, o peso dos custos de oportunidade, que no estrato inferior duplican os do superior, fai que o beneficio tenda a aumentar co incremento da produción por hectárea, aínda que o estrato de 10.000-15.000 litros/ha obteña un beneficio medio semellante ao de 20.000-25.000 l/ha grazas aos seus baixos custos de produción (Gráfico 23).

Gráfico 23. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da produción de leite por hectárea (000 L/ha) en 2006.



Táboa 22. Índices económicos segundo a produción por unidade de superficie (000 L/ha) en 2006.

(000 l/ha)	<10	10 - 15	15 - 20	20 - 25	≥ 25
Explotacións	57	61	61	31	24
<b>INGRESOS (€/100 l)</b>					
Venda de leite	30,08	31,08	32,03	32,04	32,28
Venda de animais	4,23	2,80	2,50	2,30	2,21
Variación do inventario	-0,10	0,29	0,24	0,48	0,41
Total outros ingresos	3,49	2,81	2,7	2,34	1,52
Produto bruto	37,70	36,98	37,47	37,16	36,42
<b>GASTOS VARIÁBEIS (€/100 l)</b>					
Compra de gando	0,76	0,22	0,67	0,72	0,73
Compra alimentos vacas	9,12	8,93	8,86	9,62	9,99
Compra alimentos recría	1,17	1,32	1,75	1,68	1,72
Produción propia, forraxes	3,48	2,61	1,75	1,68	1,72
Sanidade e reprodución	2,06	2,16	2,53	2,72	2,28
Enerxía e maquinaria	2,33	2,99	2,97	3,11	2,99
Total Gastos Variábeis	18,90	18,23	19,87	20,14	19,62
<b>GASTOS FIXOS (€/100 l)</b>					
Amortizacións técnicas	4,40	3,52	3,16	3,22	3,12
Man de obra retribuída	1,10	0,77	1,25	1,05	0,69
Outros custos fixos	3,02	3,17	3,41	3,5	2,76
Total Custos Fixos	8,52	7,46	7,82	7,77	6,57
Custo de produción	27,42	25,69	27,69	27,92	26,19
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)</b>					
Xuros dos capitais propios	2,78	1,78	1,72	1,47	1,21
Renda das terras propias	3,00	1,95	1,41	1,08	0,81
Custo do traballo familiar	4,41	4,16	3,54	3,23	3,17
Total Custos de oportunidade	10,19	7,89	6,66	5,78	5,19
Custos Totais	37,61	33,58	34,36	33,70	31,38
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 l)</b>					
Marxe neta	10,28	11,29	9,78	9,25	10,24
Beneficio	-0,09	3,41	3,12	3,47	5,05

### 5.2.4. Resultados en función do uso do concentrado

A relación entre consumo de concentrado e produción de leite, ao relacionar o gasto da alimentación co volume de produto obtido, é un indicador de produtividade e, no caso galego, tamén do nivel de autosuficiencia alimentaria das explotacións.

Non existen grandes diferenzas entre estratos para as variábeis relativas ao tamaño, como superficie, número de vacas ou produción comercializada por explotación, nin tampouco para algunhas relativas á intensificación, como carga gandeira, nin sequera cos prezos de leite e concentrado (Táboa 23).




Táboa 23. Índices técnicos por uso de concentrado en relación coa produción de leite (g/l).

Concentrado/leite (g/l)	< 300	300-350	350-400	400-500	≥ 500
Número de explotacións	35	32	66	71	30
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>					
SAU (ha)	22,1	24,9	26	25,5	23,2
Nº de vacas	41,1	47,3	47,6	53,4	43,6
Produción comercializada (l)	291.627	355.436	409.121	444.978	303.717
Produción /SAU (l/ha)	13.214	14.308	15.750	17.467	13.090
<b>MANEXO DO GANDO</b>					
Vacas/ha	1,9	1,9	1,8	2,1	1,9
UGM/ha	2,6	2,54	2,65	2,98	2,76
Partos/vaca/ano	0,87	0,88	0,83	0,90	0,86
<b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>					
Fertilizantes (€/ha)	153	167	197	183	153
N/ha	101	99	114	107	96
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	66	76	82	86	58
K <sub>2</sub> O/ha	48	52	67	73	47
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>					
Rendemento (l/vaca)	7.121	7.533	8.608	8.340	6.976
Concentrado (Kg/vaca)	1.780	2.321	3.034	3.398	3.867
Concentrado/leite (g/l)	270	320	370	430	570
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN ( €/100 l )</b>					
Compra de concentrado	6,48	7,21	7,95	9,07	11,99
Compra de forraxes	0,75	1,18	0,58	0,85	0,24
Produción de forraxes propias	2,88	3,12	2,84	2,53	2,20
<b>CALIDADE DO LEITE</b>					
% graxa	3,89	3,83	3,80	3,79	3,79
% proteína	3,11	3,14	3,05	3,13	3,24
Bacterioloxía (000)	18	24	16	18	35
Células somáticas (000)	245	227	205	228	234
<b>PREZOS</b>					
Leite (€/100 l)	32,31	31,14	31,67	31,62	31,41
Concentrado (€/t)	234	222	214	209	212
Relación prezos leite/concentrado	1,37	1,40	1,47	1,51	1,47

Un dos aspectos máis salientábeis da comparación con este índice é que as explotacións con peor relación entre consumo de concentrado e produción obtida non son as que teñen rendementos máis altos por vaca nin rabaños máis grandes, nin unha carga gandeira máis alta. Isto indica que o manexo da alimentación é deficiente e que ese elevado consumo de concentrado se pode deber ás dificultades para obter un ensilado de calidade, o que pode indicar que a formación técnica dos gandeiros presenta carencias (Gráfico 24).




Gráfico 24. SAU, vacas, rendemento leiteiro (l/vaca) e consumo concentrado (kg/vaca) en función da relación entre consumo de concentrado e produción de leite (g/l) en 2006.



Os ingresos pola venda do leite son similares en todos os estratos, mais nos gastos variábeis, a diferenza entre os estratos dos dous extremos supera os 4 €/100 litros e nos custos de produción os 3 €/100 litros, o que nunha produción media de 300.000 litros por explotación supón unha cantidade considerábel (Táboa 24).

Gráfico 25. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función da relación entre consumo de concentrado e produción de leite (g/l) en 2006.



Táboa 24. Índices económicos por uso de concentrado en relación coa produción de leite (g/l).

Concentrado/l leite (g/l)	<300	300 - 350	350 - 400	400 - 450	≥ 500
Número de explotacións	35	32	66	71	30
<b>INGRESOS (€/100 l)</b>					
Venda de leite	32,31	31,14	31,67	31,62	31,41
Venda de animais	2,74	2,82	2,84	2,32	3,32
Variación do inventario	0,14	0,26	-0,09	0,59	0,46
Total outros ingresos	2,6	2,77	2,23	2,57	3,33
Produto bruto	37,79	36,99	36,65	37,10	38,52
<b>GASTOS VARIÁBEIS (€/100 l)</b>					
Compra de gando	0,72	0,53	0,68	0,55	0,59
Compra alimentos vacas	7,23	8,38	8,53	9,92	12,22
Compra alimentos recría	1,89	1,38	1,43	1,63	1,65
Produción propia, forraxes	2,88	3,12	2,84	2,53	2,20
Sanidade e reprodución	2,07	2,55	2,31	2,46	2,55
Enerxía e maquinaria	2,58	2,47	3,22	3,06	2,53
Total Gastos Variábeis	17,35	18,43	19,01	20,15	21,74
<b>GASTOS FIXOS (€/100 l)</b>					
Amortizacións técnicas	3,88	2,92	3,28	3,06	4,92
Man de obra retribuída	2,44	0,51	0,73	0,91	1,15
Outros custos fixos	3,77	3,29	3,25	3,2	2,56
Total Custos Fixos	10,09	6,72	7,26	7,17	8,63
Custo de produción	27,44	25,15	26,27	27,32	30,38
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)</b>					
Xuros dos capitais propios	1,80	1,80	1,49	1,61	2,72
Renda das terras propias	1,82	1,68	1,53	1,38	1,84
Custo do traballo familiar	4,50	4,19	3,64	3,54	4,61
Total Custos de Oportunidade	8,12	7,66	6,66	6,53	9,16
Custos Totais	35,56	32,82	32,92	33,85	39,54
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 l)</b>					
Marxe neta	10,35	11,84	10,39	9,77	8,15
Beneficio	2,23	4,18	3,73	3,25	-1,02

As diferenzas en termos de marxe neta e de beneficio tamén son moi importantes, aínda que o estrato inferior non é o que ten mellores resultados, senón o de 300-350 g/l, a pesar de non gozar da mellor relación entre o prezo do leite e o do concentrado, nin do produto bruto máis alto. A clave dos seus resultados está exclusivamente no control dos seus custos de produción (Gráfico 25).

## 5.3. Resultados en función dos prezos


### 5.3.1. Resultados en función do prezo do leite

Todas as decisións nas explotacións tómanse en función do prezo do leite e das expectativas sobre a evolución deste. De facto, só cando este descende, os gandeiros comezan a tomar en consideración os custos de produción.

O prezo está en relación directa coa dimensión e coa intensificación. A maior volume de leite comercializado, mellor prezo; e, por tanto, para aumentar a produción non hai máis vía que aumentar o tamaño do rabaño e a superficie, ou o rendemento e o consumo de concentrado por vaca.

Como se pode observar (Táboa 25), a medida que se incrementa o prezo aumenta o número de vacas, a SAU, a produción, a produción por vaca e por hectárea e o consumo de concentrado e fertilizantes. Pola contra, diminúe a produción propia de forraxes. A razón é que o procedemento máis rápido para aumentar a produción é incrementar o rendemento leiteiro e o consumo de concentrado por vaca. Ademais, os resultados percíbense inmediatamente (Gráfico 26).

Gráfico 26. SAU, vacas, rendemento leiteiro (l/vaca) e consumo concentrado (kg/vaca) en función do prezo do leite (€/l) en 2006.



Táboa 25. Índices técnicos segundo o prezo do leite (€/100 l).

Prezo (€/100 l)	< 30	30-31	31-32	32-33	≥ 33
Número de explotacións	65	35	58	43	33
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>					
SAU (ha)	19,2	23,4	25,1	28,3	32,1
Nº de vacas	31,7	40,8	49,1	59,2	69,9
Produción comercializada (l)	205.561	309.208	390.494	521.588	606.886
Produción /SAU (l/ha)	10.764	13.226	15.590	18.452	18.932
<b>MANEXO DO GANDO</b>					
Vacas/ha	1,7	1,7	2,0	2,1	2,2
UGM/ha	2,33	2,60	2,82	3,06	3,13
Partos/vaca/ano	0,89	0,84	0,86	0,86	0,86
<b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>					
Fertilizantes (€/ha)	140,5	163,4	172,0	227,0	219,8
UF- N/ha	79	84	117	133	137
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	59	81	81	94	86
K <sub>2</sub> O/ha	51	74	62	69	60
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>					
Rendemento (l/vaca)	6.499	7.604	7.968	8.813	8.681
Concentrado (Kg/vaca)	2.539	2.761	2.987	3.341	3.499
Concentrado/leite (g/l)	390	360	370	380	400
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)</b>					
Compra de concentrado	8,51	8,31	8,59	8,45	8,53
Compra de forraxes	0,52	0,86	0,60	0,72	0,97
Produción de forraxes propias	2,92	2,91	2,82	2,62	2,43
<b>CALIDADE DO LEITE</b>					
% graxa	3,8	3,87	3,77	3,84	3,85
% proteína	3,09	3,16	3,10	3,18	3,08
Bacterioloxía (000)	29	23	17	15	13
Células somáticas (000)	256	235	202	227	184
<b>PREZOS</b>					
Leite (€/100 l)	28,77	30,28	31,37	32,28	33,84
Concentrado (€/t)	213	218	222	217	212
Relación prezos leite/concentrado	1,34	1,39	1,41	1,48	1,60

Modificar o uso do solo ou o manexo das forraxes só é posible a medio e longo prazo e, daquela, talvez o prezo do leite teña baixado. Por tanto, a resposta do produtor é automática e intenta aproveitar a conxuntura favorábel. Só se decata de que é necesaria unha estratexia no longo termo cando os prezos baixan.

As cifras avalan as impresións dos gandeiros. Mellor prezo significa uns ingresos pola venda de leite e un produto bruto máis altos. Sendo os custos fixos difíciles de reducir no curto prazo, e dependendo os de oportunidade do tamaño, só queda aumentar os custos variábeis. Mais os resultados económicos non son tan claros. As explotacións que reciben un prezo máis alto polo leite teñen, curiosamente, a marxe neta máis baixa e o seu beneficio tampouco é o máis elevado (Táboa 26).




Táboa 26. Índices económicos segundo o prezo do leite (€/100 l).

Prezo (€/100 l)	< 30	30-31	31-32	32-33	≥33
Número de explotacións	65	35	58	43	33
<b>INGRESOS (€/100 l)</b>					
Venda de leite	28,77	30,28	31,37	32,28	33,84
Venda de animais	3,93	2,79	2,37	2,57	2,31
Total outros ingresos	3,54	2,36	3,29	2,50	2,53
Variación do inventario	0,11	0,42	0,13	0,10	0,69
Produto bruto	36,24	35,43	37,04	37,36	38,69
<b>GASTOS VARIÁBEIS (€/100 l)</b>					
Compra de gando	0,44	0,22	0,34	0,64	1,21
Compra alimentos vacas	9,04	9,17	9,20	9,18	9,50
Compra alimentos recría	1,25	1,51	1,50	1,33	2,17
Produción propia, forraxes	2,92	2,91	2,82	2,62	2,43
Sanidade e reprodución	2,14	2,09	2,50	2,48	2,49
Enerxía e maquinaria	2,34	3,06	2,91	2,91	3,26
Total Gastos Variábeis	18,12	18,96	19,26	19,15	21,06
<b>GASTOS FIXOS (€/100 l)</b>					
Amortizacións técnicas	4,40	3,42	3,55	2,67	3,35
Outros custos fixos	3,89	4,04	3,62	4,16	5,33
Man de obra retribuída	1,11	0,84	0,72	0,73	1,66
Total Custos Fixos	8,29	7,46	7,17	6,82	8,68
Custo de produción	26,41	26,11	26,43	25,98	29,74
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)</b>					
Xuros dos capitais propios	2,68	1,57	1,62	1,38	1,38
Renda das terras propias	2,24	1,82	1,54	1,30	1,27
Custo do traballo familiar	5,11	4,25	3,81	2,85	2,74
Total Custos de Oportunidade	10,03	7,64	7,27	5,53	5,39
Custos Totais	36,44	33,75	33,70	31,51	35,13
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 l)</b>					
Marxe neta	9,83	9,02	10,61	11,31	8,95
Beneficio	-0,20	1,38	3,34	5,85	3,56

Os mellores resultados corresponden ao estrato cun prezo de 32-33 €/100 l, porque controlando os gastos fixos consegue a mellor relación entre produción por vaca e gastos variábeis (Gráfico 27).


Gráfico 27. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do prezo do leite (€/100 l) en 2006.



### 5.3.2. Resultados en función do prezo do concentrado

En sistemas de produción tan intensivos como os das explotación galegas, o gasto en concentrado, incluído o da recría, supón entre o 40 e o 50 % dos gastos variábeis. De aí a importancia de calquera variación do seu prezo nos resultados das explotacións. De facto, entre os estratos extremos a diferenza no prezo do concentrado é de 75 €/t, o que representa unha cantidade nada desprezábel no custo total de produción (Táboa 27).

Gráfico 28. SAU, vacas, rendemento leiteiro (l/vaca) e consumo do concentrado (kg/vaca) en función do prezo do concentrado (€/t) en 2006.



Táboa 27. Índices técnicos segundo o prezo do concentrado (€/t ).

(€/t)	< 200	200-210	210-220	220-230	≥ 230
Número de explotacións	30	52	89	34	29
<b>TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS</b>					
SAU (ha)	23,5	22	27,1	21,5	27,9
Nº de vacas	44,8	43,1	51,2	44,8	52,6
Produción comercializada (l)	321.030	333.521	437.006	356.293	389.874
Produción /SAU (l/ha)	13.187	15.251	16.155	16.582	13.989
<b>MANEXO DO GANDO</b>					
Vacas/ha	1,9	2,0	1,9	2,1	1,9
UGM/ha	2,82	2,76	2,70	2,81	2,67
Partos/vaca/ano	0,88	0,83	0,87	0,92	0,84
<b>MANEXO DA FERTILIZACIÓN</b>					
Fertilizantes (€/ha)	157,8	172,3	170,3	195,3	178,0
UF- N/ha	105	98	100	118	112
P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> /ha	63	81	70	89	83
K <sub>2</sub> O/ha	56	68	59	62	54
<b>PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO</b>					
Rendemento (l/vaca)	7.187	7.775	8.533	7.969	7.414
Concentrado (Kg/vaca)	3.055	2.967	3.149	2.776	2.532
Concentrado/leite (g/l)	430	380	370	350	340
<b>GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)</b>					
Compra de concentrado	7,96	8,48	8,54	8,48	8,87
Compra de forraxes	0,69	0,60	0,72	0,74	1,02
Produción de forraxes propias	3,03	2,64	2,46	3,08	2,97
<b>CALIDADE DO LEITE</b>					
% graxa	3,67	3,79	3,86	3,87	3,81
% proteína	3,05	3,11	3,12	3,15	3,17
Bacterioloxía (000)	23	22	20	16	23
Células somáticas (000)	244	220	225	218	217
<b>PREZOS</b>					
Leite (€/100 l)	31,41	30,94	31,76	31,69	32,37
Concentrado (€/t)	187	205	215	225	262
Relación prezos leite/concentrado	1,67	1,50	1,47	1,41	1,23

Canto máis baixo é o prezo do concentrado máis alta é a relación entre o seu consumo e a produción de leite. Isto mesmo se observa no consumo de concentrado por vaca, salvo no estrato de 210-220 €/t, no que o elevado rendemento das vacas esixe un consumo de concentrado máis alto. Por outra parte, e como resulta obvio, canto máis baixo é o prezo do concentrado, máis favorábel é a relación prezo do leite/prezo do concentrado (Gráfico 28).

Coas demais variábeis significativas, como SAU, número de vacas, produción total de leite, carga gandeira, fertilización ou rendemento por vaca, o prezo do concentrado non garda relación.

Nas variábeis económicas as diferenzas son relevantes entre os dous estratos extremos. O que paga o prezo máis baixo polo concentrado é tamén o que ten unha marxe neta e un beneficio máis alto (Táboa 28). No polo oposto está quen paga o prezo máis alto.




Táboa 28. Índices económicos segundo o prezo do concentrado (€/t).

	< 200	200-210	210-220	220-230	≥ 230
Número de explotacións	30	52	89	34	29
<b>INGRESOS (€/100 l)</b>					
Venda de leite	31,41	30,94	31,76	31,69	32,37
Venda de animais	2,80	2,38	2,89	2,57	2,53
Total outros ingresos	4,01	4,22	1,94	2,67	3,09
Variación do inventario	0,54	0,59	0,15	-0,07	0,41
Produto bruto	38,22	37,53	36,60	36,93	37,98
<b>GASTOS VARIÁBEIS (€/100 l)</b>					
Compra de gando	0,56	0,30	0,78	0,33	0,87
Compra alimentos vacas	8,66	9,07	9,26	9,21	9,88
Compra alimentos recria	1,01	1,28	1,74	1,13	2,38
Produción propia, forraxes	3,03	2,64	2,46	3,08	2,97
Sanidade e reprodución	2,44	2,19	2,47	2,30	2,48
Enerxía e maquinaria	1,91	2,71	3,51	2,62	2,41
Total Gastos Variábeis	17,61	18,18	20,22	18,67	20,98
<b>GASTOS FIXOS (€/100 l)</b>					
Amortizacións técnicas	4,46	4,19	3,00	2,89	3,17
Outros custos fixos	3,00	4,58	3,97	3,79	6,10
Man de obra retribuída	0,91	1,20	0,98	0,68	2,26
Total Custos Fixos	7,46	8,77	6,97	6,68	9,27
Custo de produción	25,07	26,96	27,19	25,35	30,26
<b>CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)</b>					
Xuros dos capitais propios	2,55	2,16	1,29	1,86	1,75
Renda das terras propias	1,76	1,58	1,49	1,45	1,72
Custo do traballo familiar	4,09	3,94	3,40	3,68	4,04
Total Custos de Oportunidade	8,40	7,68	6,18	7,00	7,50
Custos Totais	33,47	34,64	33,37	32,35	37,76
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 l)</b>					
Marxe neta	13,15	10,58	9,41	11,58	7,72
Beneficio	4,75	2,90	3,23	4,58	0,22

Cómpre salientar que o estrato de 210-220 €/t, que é o que ten vacas de rendemento máis alto e cun consumo de concentrado máis elevado, ten unha marxe inferior á media do conxunto para 2006 (Gráfico 29). Só os seus custos de oportunidade, que son os máis baixos, lle permiten que o seu beneficio sexa algo superior ao da media.

Gráfico 29. Custos variábeis, custos fixos, marxe neta e prezo do leite en función do prezo do concentrado (€/t) en 2006.





**6.**

# **AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE LEITE NO MARCO EUROPEO**



## 6. AS EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE LEITE NO MARCO EUROPEO

O estudo comparativo de custos de produción de leite no ámbito europeo, iniciado polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo no ano 2000 en colaboración con EDF (European Dairy Farmers) e do que se ofreceron os resultados até 2005 na publicación *Resultados do programa de xestión de vacún de leite en Galiza no período 1998-2005*, continuouse en 2006, aínda que a metodoloxía sufriu mudanzas substanciais.

A introdución do novo modelo, aínda en probas, rompe a continuidade da serie histórica de resultados e impide as comparacións interanuais. Non obstante, espérase resolver este problema ao longo de 2008. As modificacións metodolóxicas introducidas no novo programa informático afectan a presentación dos resultados. Entre elas, cómpre salientar que na actividade leiteira só se inclúen as primas acopladas, que o beneficio se expresa con e sen primas desacopladas e que os compoñentes dos custos se reagruparon en función da súa substituíbilidade para ofrecer unha mellor visión das diferentes opcións de manexo. Así, nos “custos relativos ao traballo”, encóntranse os gastos en contratos de labores e tamén os de persoal porque se pode optar entre contratar directamente máis traballadores ou externalizar a realización das faenas máis esixentes en man de obra. Tamén se alterou o cálculo dos custos de oportunidade, que no pasado se estimaban no 6% para os pasivos e no 3% para os activos e que agora se fixan no 5% para ambos os dous conceptos. A consecuencia é unha elevación dos custos de oportunidade para os que construíron novos estábulos. Esta opción foi cuestionada e será obxecto de revisión en 2008.

Outra novidade é a inclusión dos resultados da totalidade das actividades das explotacións para coñecer o seu grao de especialización e a porcentaxe de renda procedente do leite, así como o interese das alternativas complementarias da produción leiteira.

Este estudo non pretende ofrecer un diagnóstico baseado na representatividade estatística, senón coñecer as tendencias xerais a partir da información dos membros de EDF, asociación que agrupa produtores de leite de diferentes países europeos que comparten coñecementos e experiencias e comparan as estruturas e a eficiencia económica dos seus respectivos sistemas de produción mediante unha análise anual de custos.

### 6.1. As explotacións galegas no marco da análise EDF

O número de explotacións leiteiras europeas que participaron na análise de EDF para 2006 foi de 255 e os países representados 16. O número das galegas reduciuse a dez, o que limita bastante a validez das conclusións que se poidan extraer, mesmo se se poden considerar representativas do grupo de explotacións viábeis no contexto galego. As explotacións galegas da análise de EDF en 2006 (Táboa 29), con 62 vacas, 34 ha e unha produción de 484 t FCM de leite, son de tamaño superior á media das controladas no programa de xestión da Consellaría do Medio Rural (47,8 vacas, 24,8 ha e 382 t de produción) nese mesmo ano. Porén son máis pequenas que as de EDF na UE, en que a media é de 193 vacas, 166 ha e 1.556 t FCM de leite.

A carga gandeira (1,8 vacas/ha) é superior á da media de EDF-UE (1,1 vacas/ha), só superada por Italia (2,5 vacas/ha). Curiosamente, esta alta densidade gandeira, a pesar da reducida base territorial das explotacións galegas, aséntase nunha superficie forraxeira na que os prados ocupan o 70%, porcentaxe superior á media da UE (52%) e só inferior á de Irlanda (98%), Holanda (81%) e Reino Unido (76%).

A relación entre dimensión, carga gandeira e uso do solo explica a importancia do concentrado nas racións das explotacións leiteiras galegas. Para unha produción por vaca de 7.562 kg FCM, lixeiramente inferior á da media

da EDF-UE (7.944 kg FCM/vaca), o noso consumo medio de concentrados sitúase en 2,87 t/vaca/ano, o máis alto da UE onde a media é de 2,22 t/vaca/ano. Neste sentido, cómpre salientar que en Alemaña se alcanza unha produción por vaca de 8.357 kg FCM con 2,59 t de concentrado por vaca/ano e en Holanda de 8.362 kg FCM/vaca con só 2,0 t/vaca/ano (Táboa 30).

A consecuencia é que a cantidade de leite/vaca producido sen concentrados nas explotacións galegas (1.803 kg FCM) é máis baixa que a da UE, onde a media está en 3.401 kg FCM, o que se ve agravado polo prezo do penso que na Galiza (196 €/t) é superior á media da UE (187€/t).

Táboa 29. Análise EDF. Razóns das diferenzas de custos e ingresos. Galiza-UE 2006.

	EDF	Galiza
Número de explotacións	247	10
<b>SISTEMA DE PRODUCCIÓN</b>		
Número de vacas	193	62
Ingresos leite / Ingresos totais (%)	82	90
Produción de leite en t FCM	1556	484
Cota arrendada /Ingresos totais (%)	3,3	0,0
<b>SISTEMA DE ALIMENTACIÓN</b>		
Superficie forraxeira (ha)	166	34
Prados (% superficie forraxeira)	52	69,6
Superficie forraxeira arrendada (%)	49	24
Consumo concentrado (kg/vaca/día)	6,15	7,89
Concentrado/Produción leite (kg FCM)	0,28	0,38
Custo do concentrado (€/100kg FCM)	4,85	7,85
<b>PREZOS</b>		
Prezo do leite (€/100 kg FCM)	28,48	30,91
Prezo da vaca de abasto (€/kg peso vivo)	0,86	0,91
Prezo dos xatos (€/animal)	149	159
Arrendamento de terras (€/ha)	250	261
Salarios (€/hora)	8,4	3,3
Prezo da cota (€/kg)	54,63	27
Arrendamento de cota (€/kg)	5,8	0
Prezo do concentrado (€/t)	186,63	195,8
<b>PRODUTIVIDADE</b>		
Produtividade do traballo (kg FCM/hora)	165	115
Eficiencia do traballo (kg FCM/custo do traballo) <sup>1</sup>	15,8	12,6
Produtividade da terra (t FCM/ha)	11,432	14,639
Produtividade do capital (kg FCM/1000 €)	2,098	2,480
Capital/vaca (Euros/vaca)	5,233	3,475
<b>RENDEMENTO LEITEIRO</b>		
Rendemento leiteiro (kg/vaca/ano)	7.944	7.562
Contido de graxa (%)	4,09	3,73
Contido de proteína (%)	3,37	3,21
kg/vaca/ano sen concentrado	3.401	1.803
<b>MANEXO DO RABAÑO</b>		
Idade ao primeiro parto (meses)	26	18
Intervalo entre partos (días)	390	406
Idade media das vacas (lactacións)	4,2	2,0
Taxa de eliminación das vacas leiteiras (%)	30	20
Porcentaxe de recría (%) <sup>2</sup>	130	111
Mortalidade dos xatos (%)	9	6

<sup>1</sup> A eficiencia do traballo para EDF é a cantidade de leite producido dividida polos gastos de persoal asalariado e custos de oportunidade da man de obra familiar.

<sup>2</sup> A porcentaxe de recría para EDF é a relación entre a suma das xovencas de reposición máis as vendidas respecto ás vacas vendidas para vida ou abasto.



O gasto en alimentación animal das nosas explotacións, que representa o 64,4% dos custos directos, é moi alto (10,71 €/100 kg FCM) en relación coa media da UE. En Irlanda, Bélxica e Holanda, que son os países con menor custo en alimentación, roldan os 5 €/100 kg FCM.

Táboa 30. Análise EDF-Ingresos e custos da actividade leiteira. Galiza - UE 2006.

	EDF	Galiza
<b>INGRESOS (€/100 kg FCM)</b>		
Venda de leite	27,95	30,49
Venda de gando e variación do inventario	3,97	3,14
Subsidios e axudas directas e balance do IVE	1,86	0,42
Outros ingresos	1,02	0,53
Ingresos Totais	34,80	34,58
<b>CUSTOS DIRECTOS (€/100 kg FCM)</b>		
Custos directos dos animais		
Compra de animais	0,60	0,27
Veterinario, medicinas	1,00	1,88
Inseminacións	0,53	0,75
Outros custos da produción animal	1,91	1,57
Custos directos da alimentación		
Compras alimentos	6,33	10,71
Pesticidas	0,29	0,21
Fertilizantes	0,99	1,04
Outros custos da produción vexetal	0,85	0,51
Custos Directos Totais	12,49	16,63
Ingresos - Custos Directos Totais	22,33	17,95
<b>CUSTOS DO TRABALLO (€/100 kg FCM)</b>		
Salarios	2,42	1,31
Custos de oportunidade da man de obra familiar	5,64	8,68
Contratos de labores e alugamento de maquinaria	1,74	1,18
<b>CUSTOS DA MAQUINARIA (€/100 kg FCM)</b>		
Conservación da maquinaria	1,07	1,24
Fuel e enerxía	1,53	1,35
Amortización técnica	2,17	1,50
Custos de oportunidade da maquinaria	0,79	0,45
Custos Totais de Traballo e Maquinaria	15,36	15,71
<b>CUSTOS DA COTA (€/100 kg FCM)</b>		
Arrendamento e supertaxa	0,45	0,00
Custos de oportunidade da cota	2,58	1,28
Custo Total da Cota	2,97	1,28
<b>CUSTOS DAS CONSTRUCIÓNS (€/100 kg FCM)</b>		
Custo das construcións	0,42	0,47
Amortización técnica	1,94	1,16
Custos de oportunidade das construcións	1,84	0,61
Custo Total das Construcións	4,20	2,24
<b>CUSTOS DA TERRA (€/100 kg FCM)</b>		
Arrendamentos	0,90	0,45
Custos de oportunidade da terra	1,34	1,50
Outros custos	0,37	0,65
Custo Total da Terra	2,61	2,60
Gastos xerais	1,74	0,57
Custos Totais	39,35	39,03
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 kg FCM)</b>		
Renda familiar	8,76	9,36
Beneficio sen primas desacopladas	-4,55	-4,44
Beneficio con primas desacopladas	-2,35	-0,76
Limiar de rendibilidade I	18,84	21,14
Limiar de rendibilidade II	29,55	33,65
Retribución do traballo (€/hora)	6,49	5,57

Os custos directos en Galiza con 16,63 €/100 kg FCM foron superiores aos da media EDF (12,49/100 kg € FCM). Non obstante, a diferenza nos outros custos permiten que o custo total na Galiza (36,03 €/100 kg FCM) sexa algo inferior ao da media de EDF-UE (39,35 €/100 kg FCM).



O tamaño das explotacións incide de forma decisiva no manexo e nos custos. Da menor superficie dedicada a cultivos derívanse uns gastos inferiores en maquinaria e enerxía. E da menor dimensión do rabaño resulta unha produtividade da man de obra inferior, en termos de produción (115 kg FCM/hora na Galiza fronte a 165 de media na EDF).

A nosa taxa de eliminación de vacas (20%), inferior á da media da UE (30%), supón un período de amortización algo máis longo e un gasto na compra de animais algo inferior (0,27 €/100 kg fronte a 0,60 €/100 kg FCM).

Tamén o noso investimento por vaca (3.475 €/vaca) é inferior ao da media de EDF (5.233 €/vaca), aínda que polo menor tamaño dos nosos rabaños fiquen lonxe dos 2.818 €/vaca de Irlanda.

Os ingresos totais das nosas explotacións (34,58 €/100 kg FCM) son similares aos da media de EDF (34,8 €/100 kg FCM). Do conxunto de países da EDF, os ingresos por leite só son superiores en Italia (33,81 €/100 kg FCM). Nos demais, as diferenzas nos ingresos totais residen na venda de gando e nos subsidios.

A pesar de que o pequeno tamaño das explotacións impide que os resultados económicos, en termos absolutos, sexan mellores, en termos relativos poden considerarse bos. Así, a renda familiar (9,36 €/100 kg FCM) supera á media de EDF (8,76 €/100 kg FCM) e o beneficio, aínda sendo negativo (-0,76 €/100 kg FCM), tamén é máis alto que o da media de EDF (-2,35 €/100 kg FCM).

O limiar de rendibilidade I, que indica o prezo do leite a partir do cal se obtén unha renda familiar positiva, é na Galiza de 21,14 €/100 kg FCM e na media da UE de 18,84 €/100 kg FCM, e o limiar de rendibilidade II,



que indica o prezo que debería alcanzar o leite para comezar a ter beneficio, é 33,65 €/100 kg FCM, peor que o da media de EDF (29,55 €/100 kg FCM).

Un dos aspectos máis salientábeis, relacionado coa escasa base territorial das explotacións galegas, é a porcentaxe de superficie arrendada (24%), unha das máis baixas da UE, onde a media está no 49% da superficie forraxeira total.



En síntese, da comparación das explotacións galegas coas europeas poden salientarse, como trazos esenciais, o seu menor tamaño e a súa maior intensificación. A menor produtividade da man de obra débese á menor dimensión dos rabaños. Con todo, os seus resultados poden considerarse bastante bos relativamente á media de EDF.

O elevado custo da alimentación, orixinado polo alto consumo de concentrados e polo seu prezo, vese compensado por uns gastos menores nas demais partidas. Esta vantaxe comparativa pode desaparecer debido aos fortes investimentos en maquinaria, gando e instalacións que se están a realizar.

Non obstante, é improbable que unha diminución no custo da alimentación ou o aumento da produtividade por persoa ocupada permita compensar o incremento dos custos fixos se non se amplía a súa base territorial e se reduce o seu parcelamento.

Un aspecto importante a ter en conta é que os ingresos constan dos prezos dos produtos e das primas acopladas. Mentres as diferenzas nos ingresos do leite e gando confórmanse a partir das diferenzas de prezos,

as diferenzas nas axudas directas dependen das regulacións do IVE e das políticas aplicadas en cada país en particular. Os produtores de Europa Occidental conseguen, de media, unha cantidade superior polas primas acopladas que os países do leste. Así, en Eslovaquia e Polonia, até agora non había, en absoluto, primas acopladas. Pola contra, en Luxemburgo, Suíza, Suecia e Holanda as cantidades cobradas por tal concepto son moi altas. No futuro, o desacoplamento será manexado da mesma maneira en todos os países europeos e, por outra parte, coa abolición do sistema de cotas, as diferenzas de custos derivadas do seu prezo desaparecerán.

Outra cuestión que merece atención é o alongamento da Unión Europea para o leste. De momento, as explotacións leiteiras destes novos membros da UE teñen uns custos de produción inferiores e só as explotacións de Alemaña Oriental, Irlanda e Reino Unido poden producir leite a custos semellantes. Ademais de dispor dunha man de obra máis barata, o prezo da cota é inexistente, salvo en Polonia.

## 6.2. Comparación entre as explotacións de 90 vacas en EDF

A composición da mostra de explotacións de EDF, que non responde a un deseño estatístico previo, resta valor á comparación das medias dos países. Por esa razón, decidiuse limitar a análise a un estrato determinado de explotacións, de xeito que se puidese, cando menos, eliminar as diferenzas relativas ao tamaño. Seleccionouse, pois, o segmento das explotacións familiares con rabaños de 90 a 100 vacas, por ter un peso crecente en Europa e porque nun futuro próximo poden constituír o núcleo do sector leiteiro comunitario.

Entre as explotacións de 75 a 100 vacas de EDF seleccionáronse aquelas pertencentes a Estados nos que se contaba, cando menos, con tres na mostra (Táboa 31).

Dentro da similitude de dimensión das explotacións, as explotacións galegas son as que teñen menor número de vacas e menor superficie. Porén, son as que teñen a carga gandeira máis alta (1,65 vacas/ha) xunto coas irlandesas (1,64 vacas/ha) e, sobre todo, as que teñen un consumo máis alto de concentrado (8,33 kg/vaca/día) e a relación entre consumo de concentrado e produción de leite máis elevada (340 gramos de concentrado por kg de leite); por tanto, o custo de concentrado tamén máis alto (7,28€/100 kg FCM). Neste sentido, cómpre salientar que en Holanda, cun rendemento leiteiro superior (9.340 kg/vaca), o seu consumo de concentrado é inferior (7,07 kg/vaca/día), o que supón 460 kg de concentrado menos por vaca e ano.

Os ingresos totais medios foron 35,49 €/100 kg FCM, alcanzado o máximo en Francia con 39,37 € e o mínimo no Reino Unido con 31,91 €. Galiza sitúase nunha posición intermedia con 34,89 €/100 kg. Ao considerar os ingresos derivados exclusivamente do leite, obsérvase que as explotacións galegas sitúanse en primeira posición con 1,51 €/100 kg por riba da media de EDF. Irlanda ocupa a última con 27,03 € (Táboa 32).

As explotacións galegas, con 16,64 €/100 kg, presentan os custos directos máis altos de EDF, con máis de 4 €/100 kg por riba da media (12,23 €), no entanto Holanda ten os máis baixos (10,45 €/100 kg).

Cómpre salientar que as explotacións galegas son as que teñen custos de alimentación e veterinarios máis altos, o que evidencia as fraquezas do manexo das nosas explotacións, a súa baixa eficiencia técnica. Porén, os custos totais das explotacións galegas (36,29 €/100 kg) só son superiores aos do Reino Unido e Irlanda e inferiores á media de EDF (41,02 €).

Táboa 31. Análise EDF. Razóns das diferenzas de custos e ingresos. Galiza-UE. 2006.

País	EDF	Galiza	Alemaña	Francia	Holanda	R. Unido	Irlanda
Número de explotacións	27	3	7	6	5	3	3
<b>SISTEMA DE PRODUCCIÓN</b>							
Número de vacas	87	84	88	84	88	91	92
Ingresos leite /Ingresos Totais (%)	713	730	736	652	840	670	597
Produción de leite en t FCM	84,2	92,3	85,7	67,0	100,0	77,7	87,3
Cota arrendada /Ingresos Totais(%)	5,7	0,0	17,1	0,0	0,0	0,0	11,3
<b>SISTEMA DE ALIMENTACIÓN</b>							
Superficie forraxeira (ha)	72	51	86	82	56	85	56
Prados (% superficie forraxeira)	58,52	45,67	55	31,33	76	70	93,33
Superficie forraxeira arrendada (%)	45	24	49	79	24	25	40
Consumo concentrado (kg/vaca/día)	6,09	8,33	6,26	5,03	7,07	6,25	3,77
Concentrado/Produción leite (kg FCM)	0,27	0,34	0,27	0,22	0,27	0,3	0,21
Custo do concentrado (€/100kg FCM)	5,13	7,28	4,88	4,47	5	6,09	4,14
<b>PREZOS</b>							
Prezo do leite (€/100 kg FCM)	28,75	29,96	28,03	28,79	29,19	29,3	27,88
Prezo da vaca de abasto (€/kg peso vivo)	0,96	1,03	0,89	1,24	0,75	0,85	0,99
Prezo dos xatos (€/animal)	152	102	164	199	174	66	128
Arrendamento de terras (€/ha)	287	264	191	186	532	226	386
Salarios (€/hora)	9,3	4,3	7,8	9,7	14,8	10,3	7,0
Prezo da cota (€/kg)	52,74	27	53,29	0	180	2,2	21,11
Arrendamento de cota (€/kg)	3,72	0	0	0	18	0,15	3,33
Prezo do concentrado (€/t)	180,44	191,33	155,14	203,17	165,4	191,67	197
<b>PRODUTIVIDADE</b>							
Produtividade do traballo (kg FCM/hora)	185	167	164	208	218	141	199
Eficiencia do traballo (Kg FCM/custo do traballo)	12,7	19,0	10,9	11,3	12,2	12,0	14,7
Produtividade da terra (t FCM/ha)	10.967	14.670	8.847	8.301	15.644	9.929	10.787
Produtividade do capital (kg FCM/1000 €)	1.899	2.472	1.814	1.838	1.359	2.358	2.085
Capital/vaca (euros/vaca)	4.874	3.872	5.041	4.367	7.802	3.353	3.144
<b>RENDEMENTO LEITEIRO</b>							
Rendimento leiteiro (kg/vaca/ano)	8.170	8.694	8.437	7.889	9.340	7.290	6.514
- Contido de graxa (%)	4,04	3,87	4,07	3,99	4,32	4,12	3,73
- Contido de proteína (%)	3,35	3,37	3,37	3,24	3,45	3,36	3,32
kg/vaca/ano sen concentrado	3.763	2.611	3.870	4.220	4.378	2.725	3.765
<b>MANEXO DO RABAÑO</b>							
Idade ao primeiro parto (meses)	26	27	27	27	25	28	24
Intervalo entre partos (días)	401	392	406	404	402	392	397
Idade media das vacas (lactacións)	4,0	2,6	3,6	3,7	4,2	4,7	5,8
Taxa de eliminación das vacas leiteiras (%)	33	29	33	40	37	20	26
Porcentaxe de recría (%)	128	107	134	181	115	65	111
Mortalidade dos xatos (%)	14	10	28	9	16	4	6

Cómpre salientar que mentres a diferenza entre o ingreso máximo (Francia) e o mínimo (Reino Unido) é de 7,46 €/100 kg, a existente entre o custo total de ambos os dous extremos é de 16,38 €/100 kg, o que mostra que mesmo entre explotacións de tamaño semellante, as diferenzas de sistema de manexo e de eficiencia son importantes.



Táboa 32. Análise EDF-Ingresos e custos da actividade leiteira. Galiza - UE. 2006.

	EDF	Galiza	Alemaña	Francia	Holanda	R.Unido	Irlanda
<b>INGRESOS (€/100 kg FCM)</b>							
Venda de leite	28,41	29,91	27,6	28,41	29,13	28,96	27,03
Venda de gando e variación do inventario	4,67	2,85	5,15	7,59	2,74	2,77	4,63
Subsidios e axudas directas e balance do IVE	1,57	0,83	0,78	3,11	2,83	0,07	0,48
Outros ingresos	0,85	1,30	1,59	0,26	1,15	0,11	0,09
Ingresos Totais	35,49	34,89	35,11	39,37	35,85	31,91	32,24
<b>CUSTOS DIRECTOS (€/100 kg FCM)</b>							
<i>Custos Directos relativos aos animais</i>							
- Compra de animais	0,71	0,32	0,30	1,84	0,53	0,80	0,00
- Veterinario, medicinas	1,25	2,08	1,06	1,10	1,45	1,06	0,97
- Inseminacións	0,62	0,65	0,47	0,84	0,58	0,71	0,45
- Outros custos da produción animal	1,97	1,91	1,64	2,27	1,62	2,22	2,52
<i>Custos Directos relativos á alimentación</i>							
- Compras alimentos	5,91	9,64	5,33	5,17	5,49	5,12	6,48
- Pesticidas	0,25	0,14	0,29	0,59	0	0,03	0,22
- Fertilizantes	1,02	1,23	0,99	0,92	0,64	0,75	1,93
- Outros custos da produción vexetal	0,92	0,68	1,3	1,61	0,17	1,11	0
- Custos Directos Totais	12,63	16,64	11,39	14,33	10,45	11,81	12,58
- Ingresos - Custos Directos Totais	22,86	18,25	23,71	25,03	25,39	20,1	19,66
<b>CUSTOS DO TRABALLO (€/100 kg FCM)</b>							
Salarios	1,98	2,07	1,54	2,3	0,81	5,39	0,8
Custo de oportunidade da man de obra familiar	6,4	3,49	7,71	7,02	7,43	3,59	6,07
Contratos de labores e alugamento de maquinaria	2,29	2,02	2,29	1,82	3,83	1,14	2,08
<b>CUSTOS DA MAQUINARIA (€/100 kg FCM)</b>							
Conservación da maquinaria	1,11	1,83	1,2	0,85	1,63	0,73	0,24
Fuel e enerxía	1,41	1,04	2,32	0,98	1,38	1,49	0,52
Amortización técnica	2,52	2	2,58	3,17	3,23	1,88	1,1
Custos de Oportunidade da maquinaria	0,76	0,38	1	0,79	0,81	0,49	0,74
Custos Totais de traballo e maquinaria	16,47	12,83	18,64	16,92	19,11	14,71	11,54
<b>CUSTOS DA COTA (€/100 kg FCM)</b>							
Arrendamento e supertaxa	1,1	0	4,07	0	0,06	0	0,26
Custos de Oportunidade da cota	2,4	1,09	1,7	0	9,37	0,14	0,8
Custo Total da cota	2,95	1,09	3,66	0	9,42	0,14	1,06
<b>CUSTOS DAS CONSTRUCIÓNS (€/100 kg FCM)</b>							
Custo das construcións	0,49	0,57	0,64	0,26	0,53	0,63	0,32
Amortización técnica	2,32	1,67	1,3	4,85	2,54	0,62	1,59
Custos de Oportunidade das construcións	1,38	0,65	1,19	1,04	2,81	0,6	1,6
Custo Total das construcións	4,19	2,90	3,13	6,15	5,89	1,86	3,51
<b>CUSTOS DA TERRA (€/100 kg FCM)</b>							
Arrendamentos	1,08	0,55	1,17	1,71	0,77	0,29	1,44
Custos de Oportunidade da terra	1,61	1,31	1,43	0,5	2,75	2,1	2,16
Outros custos	0,42	0,37	0,31	0,15	0,83	0,99	0
Custo Total da terra	3,1	2,23	2,9	2,35	4,35	3,37	3,6
Gastos Xerais	1,79	0,6	1,94	2,33	1,62	1,84	1,8
Custos Totais	41,02	36,29	41,72	42,09	50,13	33,75	34,09
<b>RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 kg FCM)</b>							
Renda Familiar	7,99	6,8	7,81	7,96	8,65	6,18	10,37
Beneficio sen primas desacopladas	-5,66	-1,4	-6,61	-2,72	-15,01	-1,84	-1,85
Beneficio con primas desacopladas	-2,72	1,47	-2,76	0,4	-15,01	3,16	1,55
Limiar de rendibilidade I	19,97	23,11	18,23	20,45	20,42	22,79	16,39
Limiar de rendibilidade II	31,12	30,22	30,55	31,13	34,71	30,65	27,81
Retribución do traballo (€/hora)	4,4	6,69	5,15	14,47	-15,83	8,25	10,1

A renda familiar das explotacións galegas (6,8 €/100 kg) é xunto coa do Reino Unido (6,18 €/100 kg) a máis baixa, e a de Irlanda (10,37 €/100 kg) a máis alta. Este país, ao mesmo tempo, ten os ingresos e os custos totais máis baixos. Porén, en termos de beneficio e de retribución horaria do traballo, Galiza está por riba da media de EDF.

Unha das cuestións que suscitan as cifras é a constatación de que a maior eficiencia técnica non supón resultados económicos mellores. Eis o caso de Holanda, paradigma da vangarda técnica a alto custo, que se acostuma postular como modelo a seguir polas explotacións galegas.

A inegábel eficiencia neerlandesa queda reflectida nos seus custos directos (10,45 €/100 kg), que son un 37% máis baixos que os galegos e mesmo inferiores aos das explotacións británicas con sistemas extensivos. Porén, os seus custos estruturais, que comprenden os relativos ao traballo e maquinaria, cota láctea, construcións e terra, así como o seu investimento por vaca, duplican os das explotacións galegas.

Iso explica a nova versión do holandés errante e que se manifesta no éxodo de produtores neerlandeses para se instalar noutros países, nomeadamente Europa do Leste, onde terra, traballo e cota teñen prezos máis baixos.

A vantaxe comparativa das explotacións galegas radica en que os seus custos estruturais son, de momento, os máis baixos; mais as diferenzas tenden a desaparecer a medida que avance a unificación europea. Por tanto, os produtores galegos de leite están obrigados a aumentar a súa eficiencia técnica e a súa produtividade para manter a súa competitividade.





# CONCLUSIONES



## CONCLUSIÓNS

Os resultados das explotacións leiteiras galegas en 2006 mostran un certo deterioro respecto de 2005. O prezo medio percibido polo leite diminuíu un 3,1%, no entanto o do concentrado aumentaba un 1,3%. En xeral, aumentaron tanto os gastos variábeis como os fixos, o que supuxo un incremento dos custos de produción do 8,5% e unha redución da marxe neta do 9,6%. Como tamén se elevaron os custos de oportunidade, o beneficio descendeu un 26,6% .

Desde o punto de vista técnico, un ano é un período demasiado curto para advertir diferenzas de tipo estrutural, aínda que todos os datos parecen indicar que se manteñen as tendencias observadas nos anos precedentes. Así, o continuo aumento do rendemento por vaca permitiu seguir incrementando o consumo de concentrado por vaca a pesar da suba do seu prezo.

A análise da evolución do grupo de explotacións que participaron no programa de xestión permanentemente entre 2002 e 2006 mostra un aumento da SAU mentres o tamaño do rabaño permanecía estábel, o que provocou unha diminución da carga gandeira que foi acompañada dun descenso no uso de fertilizantes químicos e un incremento do rendemento leiteiro por vaca, sen que variase o consumo de concentrado.

As explotacións galegas están escasamente diversificadas e os seus ingresos dependen exclusivamente do prezo do leite, o que as fai moi vulnerábeis ás oscilacións deste. O seu pequeno tamaño obrigaas a empregar sistemas moi intensivos e á compra de alimentos para o gando, de modo que teñen moi pouca marxe de manobra para mellorar os seus resultados.

Na realidade, nin o tamaño, nin o volume de ingresos, nin o grao de intensificación do sistema produtivo explican as diferenzas de resultados entre as explotacións leiteiras.

De facto, a medida que o seu tamaño aumenta, tamén o fai o seu nivel de intensificación, mais o seu manexo non se modifica en nada. Noutras palabras, o crecemento cuantitativo non sempre supón modernización, o que leva a paradoxos como o de que as explotacións con carga gandeira máis alta sexan as que máis gastan en fertilizantes químicos.

A maioría dos gandeiros descoñecen os seus custos de produción, así como a súa marxe neta e o seu beneficio. As únicas referencias que utilizan moitos deles son o volume de facturación e a produción de leite por vaca, dúas variábeis que só en relación con outras son relevantes. Neste sentido, como exemplo da importancia do control dos custos de produción, resulta instrutivo comprobar como a diferenza entre os custos de produción dos grupos de cabeza e de cola é case o triplo da existente entre os produtos brutos deses mesmos grupos en 2006.

A comparación das explotacións galegas coas europeas permite constatar o menor tamaño das nosas, a súa maior intensificación e a menor produtividade da man de obra. O elevado consumo de concentrados e o seu alto prezo provocan uns custos de alimentación do gando superiores nas explotacións galegas, que se ven compensados pola menor importancia doutros. De facto, os resultados económicos, en termos relativos, poden considerarse bos respecto da media europea.

As actuais vantaxes comparativas das explotacións galegas radican en que os seus custos estruturais son, de momento, inferiores; mais poden desaparecer se os investimentos en maquinaria, gando e instalacións que se están a realizar non responden a criterios de racionalidade económica e buscan aumentar a eficiencia técnica e a produtividade.









**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Investigación,  
Tecnoloxía e Formación Agroforestal



medio rural